

A indeterminación do axente na lingua das *Cantigas de Santa María* (II)

F.A. CIDRAS ESCANEO

Universidade de Santiago

2.1.2. *Usos axencialmente indeterminados das persoas verbais*

O “sentido impersoal” de certos usos das formas verbais dotadas de flexión de persoa en cláusulas activas e sen ningún indicador específico de indeterminación axencial é algo que vén sendo recoñecido desde sempre pola gramática tradicional, se ben de maneira certamente desigual. Así por exemplo mentres o uso “impersoal” da terceira persoa de plural (P6) é referido por tódolos gramáticos, os usos idénticos das demais persoas corren unha sorte ben distinta: moitos de certo limítanse á P6; así por exemplo Bello e Gili Gaya. Llorente Maldonado¹, pola súa banda, cun obxectivo más específico, establece a relación das persoas gramaticais susceptibles de expresaren proceso de axente indeterminado no español (relación transvasable perfectamente ó galego): son as P2, P4, P5 e P6. Con todo, de acordo co carácter xeral do seu traballo, a relación de Maldonado é simplemente iso: unha relación meramente descriptiva das posibilidades actualizadas polo uso do español.

Parécenos, sen embargo, que é preciso ir máis alá e procura-la razón pola que esas persoas e non as outras presentan esa particularidade e mesmamente a razón pola que, entre elas, o uso axencialmente indeterminado con certas persoas é moito más abundante que con outras. No caso contrario podería pensarse que se trata dunha simple escolla da norma, que actualiza de distinta maneira as potencialidades do sistema (o cal abranxería daquela ás seis persoas gramaticais). Pola contra, cremos que as razóns desa escolla son más profundas e atinxen á propia sistemática da lingua. Trataremos de demostrarlo mediante unha análise más detida do sistema de oposiciones da categoría persoal do verbo².

¹ Art. cit., pp. 112 ss.

² Para a descripción do sistema da declinación persoal non podemos deixar de to-

En primeiro lugar cómpre referirse á inconsistencia da consideración unitaria das tres persoas gramaticais nunha mesma correlación. Desde Benveniste véñse acordando considerala forma P3 *el* como o elemento marcado negativamente pola correlación de persoa, frente ás auténticas persoas *eu* e *ti*. Esta oposición de base entre P1 y P2 dunha banda e P3 doutra aparece xa claramente tracexada, se ben con criterios diferentes, en Bello (§§ 230, 231 e n. IV).

Frente á non-persoa *el*, as persoas *eu* e *ti* aparecen opostas por unha correlación de subxectividade, na que P1, elemento marcado positivamente, representa a persoa que enuncia e P2, marcado negativamente como “persoa non-*eu*”, representa a persoa a quen P1 se dirixe. Xa que logo, *eu* e *ti* son os exponentes das dúas instancias fundamentais do proceso de comunicación (emisor e receptor, respectivamente), en tanto que P3 *el* transcende a categoría persoal, isto é, transcende a representación das “realidades do discurso” para representa-las “realidades referidas no discurso” como substitutos abreviativos das mesmas, de igual maneira que outros pronomes non persoais como *o* ou *isto*.

Unha nova correlación oporía as persoas simples ou estrictas ás persoas amplificadas, delimitando así as instancias neteroxéneas *nós* e *vós* frente ós seus correlatos *eu* e *ti*. Unicamente no ámbito da non-persoa se daría unha correlación de número (singular *el* / plural *eles*), por caiso *nós* non é o plural de *eu* (non é *eu + eu + eu ... + eu*), nin *vós* o plural de *ti* (*ti + ti + ti ... + ti*). As persoas gramaticais estrictas posúen como característica inherente a súa unicidade e non son por tanto acumulativas, senón meramente amplificables: *nós* é *eu + outro(s)*, como *vós* é *ti + outro(s)*. Pola contra *el* si é acumulable (*eles* é *el + el + el ... + el*), precisamente pola súa condición de non persoa. Graficamente poderíamos representar:

mar como punto de referencia os traballos realizados sobre o tema por E. Benveniste, particularmente desde “Estructura de las relaciones de persona en el verbo”, publicado orixinariamente en 1946 no *BSL*, XLIII e recollido despois no seu libro *Problemas de lingüística general*, México, 1971, pp. 161-171, xuntamente co seu traballo posterior “La naturaleza de los pronombres” (pp. 172-178) no que incide novamente sobre o tema. Na lingüística española, daqueles anos (1949) data a breve pero aguda descripción incluída en “Sobre la estructura del verbo español” de Alarcos (*op. cit.*, pp. 87-88) novedosa no seu momento e plenamente vixente hoxe. Unha formulación máis recente, con presupostos parcialmente distintos pero no esencial coincidente, é a de Molho, *op. cit.*, p. 70. Véxase tamén a monografía de M^a C. Bobes Naves, *Las personas gramaticales*, Santiago de Compostela, 1971. A eles substancialmente remito.

	1	2	
	EU	TI	EL
3	NÓS	✓ VÓS	ELES
			4

- 1) correlación de subxectividade
- 2) correlación de persoalidade
- 3) correlación persoa estricta / p. amplificada
- 4) correlación de número (sing./pl.)

Tendo en conta estas premisas, analizaremos a seguir todas e cada unha das seis persoas gramaticais tradicionalmente consideradas, estudiando o seu comportamento frente á eventualidade de expresar proceso indeterminado axencialmente. Comezaremos precisamente por aquelas que en principio non son aptas para tal circunstancia (P1 e P3).

A.— *Eu* (P1)

A chamada primeira persoa de singular é de todas a más refractaria á expresión da indeterminación do axente: pódese dicir que esa lle é unha posibilidade vedada *polo sistema*. En efecto, *eu* é a instancia nuclear do sistema de oposiciones de persoa: o paradigma persoal vaise construíndo a través de sucesivas oposiciones que teñen todas en última instancia como núcleo inicial a persoa *eu*. En definitiva, a propia categoría persoa non é máis que unha proxección do *eu*, en primeiro ou segundo grao, sobre a realidade a el transcidente. Gustave Guillaume chegou defini-la persoa como “l’experience que le *moi* a du *moi* transportée plus ou moins libéralement au *hors-moi*”³. Por tanto P1 configúrase como a instancia máis *persoal* do paradigma das persoas gramaticais, “el polo de la declinación personal”, segundo Molho; “el índice personal más marcado”, en palabras de Bobes Naves⁴. Daquela é lóxico que sexa P1 *eu* a persoa que máis lonxe está da posibilidade de expresar enunciados de axente non determinado, xa que é a más cargada de contenido categorial “persoa”.

Sorpréndelle a Bobes Naves “en principio” que sendo *eu* o índice persoal más marcado “sea la primera persona la que ofrezca una gama mayor de posibilidades de sustitución, frente a las que encontramos en otras personas gramaticales”. Mais o verdadeiramente significativo non é a grande variedade de substitutos formais de *eu* (*nós*, *ti*, *vós*, formas nominais e pronominais en P3, todas no lugar de *eu*), senón o feito de que *eu* non pode nunca ser substituto doutra persoa, isto é, non pode ultrapasa-lo seu

³ Dunha conferencia dictada o 26 de febreiro de 1942 (serie A); citado por G. Moignet, “Personne humaine et personne d’univers. Contribution à l’étude du verbe unipersonnel”, en *Etudes de psycho-systematique française*, Paris, 1974, p. 60.

⁴ Molho, *ibid.*, e Bobes Naves, *op. cit.*, p. 29.

propio contido categorial para expresar outra persoa nin, consecuentemente, indeterminación axencial.

B.— *El (P3)*

A terceira persoa non é, como xa quedou dito, unha verdadeira persoa, senón que é a non-persoa, un mero substituto abreviativo, no mesmo sentido que outros pronomes non persoais como *o* ou *isto*, reemprazando determinados elementos constituíntes do enunciado, por economía lingüística. Por tanto, como afirma Benveniste, “no hay que representarse la ‘3^a persona’ como una persona apta para despersonalizarse”, senón como a non-persoa. “Por no implicar persona alguna, puede adoptar no importa qué sujeto, o no tener ninguno, y ese sujeto, expresado o no, no es jamás planteado como ‘persona’”⁵.

Afondando no dito, podemos diferenciar en P3 dúas posibilidades de expresión categorial:

a) pode expresar unha instancia para-persoal, proxección secundaria do *eu*, paralela á proxección primaria *ti*, a xeito de persoa ausente (frente ás persoas presentes, as verdadeiras persoas, os interlocutores *eu* e *ti*); ou

b) pode expresa-lo proceso nun estado puro, tal como é captado do universo da experiencia, sen reducilo a parámetros de persoa, ben por se tratar dun proceso irreductible a tales parámetros (v.g., *chove*), ben porque aínda sendo potencialmente asimilable á categorización persoal, tal posibilidade non é actualizada (v.g., *vívese*).

A primeira modalidade de P3 corresponde ó que se chama en termos guillaumianos “persoa humana”, que a pesar do que a denominación puidese levar a pensar, non presupón o trazo [+ humano]: *o can* (~ *el*) *corre*. O segundo valor corresponde á “persoa de universo”⁶. Tódolos procesos de axente indeterminado van expresados mediante esta “persoa de universo”; de aí que tódolos procedementos leven o verbo en P3. Todos menos, obviamente, os que analizamos neste capítulo, no que nos ocupamos precisamente dos usos dislocados das persoas gramaticais para expresar axente non determinado. A este respecto cómpre dicir que P3, aínda no seu valor de “persoa humana”, asimilada ó sistema persoal, carece de usos dislocados deste tipo: no momento en que un axente de contido vago pasa a ser considerado índice de indeterminación axencial,

⁵ Benveniste, *op. cit.*, p. 166.

⁶ Vid. sobre este punto o artigo de G. Moignet, “Personne humaine et personne d’univers”, citado.

a P3 convírtese nunha “persoa de universo”. Compárense estas dúas oracións:

- (a) “o *ome* con mazela de peccado ante mi / non verrá” (14.28)
- (b) “Nunca mayor trayçom desta *om'* oyrá” (5.170)

A P3 presente en.(a) é unha “persoa humana” de contido referencial xenérico; sen embargo, cando *ome* pasa, mediante un proceso de gramaticalización, a expresar axente indeterminado (vid. infra 2.2.4.) estamos diante xa dunha P3 “persoa de universo”.

En definitiva, a P3, como a forma de instalación da “persoa de universo”, é a persoa verbal na que se constrúen tódolos procedementos estándares da indeterminación axencial, e, na medida en que se asimila ó sistema persoal como pseudo-persoa (“persoa humana”), carece de usos dislocados para a expresión específica da indeterminación axencial.

C.— *Ti* (P2)

Xa definimos máis arriba a segunda persoa como a “persoa non-*eu*”, marcada negativamente na correlación de subxectividade como elemento transcendente frente á inmanencia de P1. Esta localización no sistema fai que *ti* sexa menos refractario ca *eu* á despersoalización, xa que é pensado sempre como unha alteridade, frente á auto-identidade que é indefectiblemente *eu*. Con todo, trátase dunha alteridade moi próxima a *eu* (é o interlocutor), polo que a súa eventual despersoalización resulta máis condicionada que no caso das persoas amplificadas (*nós* sobre todo) e por suposto que na non-persoa *eles*: únicamente chegamos a ela se, esvaíndo a nosa atención no *ti* en tanto que interlocutor de P1, o consideramos como un exemplo calquera do que enuncia *eu*, independentemente da identidade referencial do interlocutor de turno. Chegaremos así gradualmente á total despersoalización de P2: na oración *neste mundo se es pobre non téis nada que facer*, por exemplo, expresamos un proceso de axente indeterminado, xa que nela a P2 non é referente da persoa que escoita, senón de calquera que pudera ser potencialmente interlocutor do *eu*, é dicir, de todos en potencia, mais de ninguén actualizado lingüisticamente como axente do proceso. A oración é perfectamente equivalente de calquera outra expresada por outros procedementos específicos de indeterminación axencial, como por exemplo *neste mundo se un é pobre non ten nada que facer*.

Nas CSM non rexistramos ningunha ocorrencia de proceso en P2 expresando indeterminación axencial. Non obstante, e sen prexulgar-la ausencia en cuestión, cómpre aludir ás circunstancias potenciadoras da

aparición deste uso de P2, inexistentes no *corpus* mariano. En efecto, a estructura comunicativa dominante na obra aparece polarizada en torno ó eixe *eu-vós* (diálogo autor-público), con continuas referencias ó mundo exterior (*el*, *eles*, *iso*, etc.), mais no que, en definitiva, o interlocutor non é case nunca *ti*. Ademais, o propio formalismo do verso afonsino non propicia de certo o uso axencialmente indeterminado de *ti*, máis propio da linguaxe coloquial. Repárese tamén na extensión sincrónica e diacrónica deste fenómeno, que xa existía no latín (*crederes*, ‘crerfase’) e no grego (*εἴποις&v;*, ‘dirfase’), e que segue hoxe plenamente vixente en todos os seus derivados, tanto nos románicos como no grego moderno, alén doutras moitas linguas, como o inglés, o ruso, etc.

D.—*Nós* (P4), *Vós* (P5)

Como xa vimos, o problema de *nós* e *vós* en relación ás súas respectivas formas “singulares” (*eu* e *ti*) non é propriamente un asunto de pluralización da persoa, na acepción nominal do termo. En palabras de Benveniste “‘nosotros’ no es un ‘yo’ cuantificado o multiplicado, es un ‘yo’ dilatado más allá de la persona estricta, a la vez acrecentado y de contornos vagos” (p. 170). Esta dilatación do *eu* e do *ti*, acrecentados con *outro(s)*, dá lugar a un esvaimiento dos límites precisos da persoa, que se volve daquela más difusa e vaga. Por este camiño, cando a amplificación designativa dunha persoa alcanza un determinado nivel de universalidade, a súa indefinición e o esvaimento dos seus contornos chega a dar lugar a un proceso de axente indeterminado.

1) Nas CSM é frecuente que o poeta constrúa con P4 enunciados, normalmente consellos piadosos de carácter mariano, nos que a persoa *nós* vai moito máis alá da estricta referencia ó colectivo formado polo poeta e os seus presuntos oíntes, xa que tales consellos teñen como destinatario potencial toda a humanidade, ou o que é funcionalmente o mesmo, a cristiandade en xeral. Daquela, o *nós* amplifícase e adopta un carácter indeterminado, que podería perfectamente expresarse a través de fórmulas específicamente “impersoais”, como se pode comprobar cotexando o recorrente paralelismo entre construccions como

“Santa María amar / *devemos* muit’ e rogar” (7.3)

no canto de

“Atal Sennor *dev’ ome* muit’ amar” (10.9)

ámbalas dúas perfectamente equifuncionais. Como se pode presumir, estes usos axencialmente indeterminados dos procesos en P4 (e tamén en

P5) amosan unha fronteira en certa medida difusa cos usos propios, non dislocados, polo que algunhas ocorrencias presentan unha adscrición dubidosa, calquera que fose a opción tomada. De calquera maneira, e aínda operando cun criterio algo estricto, podemos afirmar que os usos axencialmente indeterminados con procesos en P4 son moitos ó longo das *CSM*. Sinalaremos entre eles os seguintes:

1. “Muito *devemos*, varões, / loar a Santa Maria, / que sas graças e seus dones / dá a quen por ela fia” (2.3)
2. “Atal Sennor dev’ ome muit’ amar / ... / *Devemo-la* muit’ amar e servir, / ca punna de nos guardar de falir” (10.14)
3. “Non *devemos* por maravilla tēer / d’ a Madre do Vencedor sempre vencer” (27.3)
4. “Se muito non *amamos*, gran sandeçe *fazemos* / a Sennor que nos mostra de como a *loemos*” (71.3,4)
5. “fez levar a ssa alma ao Ceo, u visse / a ssa bēita Madre, a que loores *demos*” (71.68)
6. “Nas coitas *devemos* chamar / a Virgen, estrela do mar” (112.3)
7. “Como *somos* per consello do demo perdudos / assi *somos* pelo da Virgen tost’ acorrudos” (119.4,5)
8. “A Santa Maria dadas / sejan loores onrradas. / *Loemos* a sa medida, / ... / *Loemos* a ssa nobreza, / ... / *Loemos* ssa lealdade, / ... / *Loemos* seu couimento, / ... / Loando-a, que nos valla / lle *roguemos* na batalla / do mundo que nos traballa” (140.4,9,14,19,25)
9. “Loar *devemos* a que sempre faz / ben e en que toda medida jaz” (170.2)
10. “Desta guisa deve Santa Maria / seer loada, ca Deus lle quis dar / todas estas cousas por melloria, / porque lle nunca ja achassen par; / e por aquesto assi a loar / *deviamos* senpre, ca por nos vela” (180.11)⁷

2) O mesmo fenómeno de amplificación designativa ata expresar in-

⁷ Mais exemplos pódense procurar en: 7.4; 9.4,7; 29.23; 36.3; 48.8,9; 51.4; 57.5; 65.3; 71.7,8; 150.2,3,4; 152.5; 190.2,7,8; 210.25,26,27; 220.7,10,15; 222.51,52; 235.107; 240.21,27,45; 241.96,103; 248.5,7; 249.38; 253.12; 262.3,4; 263.8,9,10; 266.5; 268.3,4,58; 272.7,8; 293.5; 297.10; 300.17,18,20,21,22,24,25,29; 305.3,4; 311.6; 313.84; 319.22; 335.11; 336.4,5,9,34,36,49,64; 341.7; 353.8,17; 360.2; 363.3,4,18,23; 366.3; 368.3,4,8,13,53,59; 370.1,3,8,9,10; 376.62; 378.9; 380.20,42; 390.5,10,15,20,25; 400.6; 404.47; 406.3,9,14,19,24,29,34,39,44,49,54,56,59,65,69; 409.7,8,9,12,13,14; 414.42; 415.4,17,18,33; 418.43,46; 421.12; 422.62; 423.4; 425.4,6; 427.8,63.

determinación acontece en P5 *vós*. En efecto, esta persoa sobrepassa tamén ás veces a súa extensión designativa estricta (o público, suposto receptor) para representar igualmente unha colectividade abstracta e universal, á que potencialmente vai dirixida a obra. Agora ben, dado que o propio poeta se sente el mesmo parte desa colectividade, emprega normalmente en semellantes asertos a persoa *nós* (*eu* e mais *outros*), como acabamos de comprobar; por este motivo o uso que se fai de *vós* (*ti* e mais *outros*, excluído *eu*) con sentido de indeterminación axencial son moito menos abundantes nas *CSM*. Non obstante, á parte desta circunstancia inhibidora da proliferación destes usos de P5 nas *CSM*, pensamos que a indeterminación axencial tende a ser sempre en *vós* más infrecuente na lingua, dado que a propia exclusión do *eu* que P5 implica entorpece a universalización designativa da persoa, pola que se chega á indeterminación do axente. En todo caso, os ámbitos que favorecen este uso correspondense co carácter coloquial, afectivo e metafórico que presenta.

Sen perder-la perspectiva dos considerandos referidos, e obviando na medida do posible a dificultade inherente a certos usos de adscrición dubidosa, presentamos como exemplos deste fenómeno nas *CSM* os que seguen:

1. “Aquel *podedes* jurar / que é ben de mal guardado / o que a Virgen fillar / vai por seu acomendado /” (135.4)
2. “E deceu (a moller) y e deitou-se a dormir cab’ un altar / E sayu Santa Maria de tra-lo altar enton, / e assi a semellava que *diriades* que non / era se non essa dona” (216.36)
3. “e sei ben que, se y mentes *parades*, / *veredes* que á poder sobre toda creatura” (224.12)
4. “Poi-lo pecador punnar en servir Santa Maria, / non *temades* que perder-se possa per sa folia” (174.3)

E.— *Eles* (P6)

De entre as persoas verbais que poden eventualmente presentar usos de axente indeterminado sen marca explícita de tal indeterminación é P6 *eles*, sen dúbida, a de más frecuente aparición tanto nas *CSM* como na lingua de tódalas épocas ata o presente. De certo, as circunstancias que para tal uso presenta son óptimas, pois ó seu carácter non-persoal, que lle vén da súa condición de “terceira persoa”, haise que engadi-los efectos da pluralidade, co esvaimento de contornos dela resultante. Daquela, *eles* convértese na persoa gramatical idónea para a expresión, dentro do pro-

cedemento que analizamos neste capítulo, da indeterminación axencial. Reparemos, neste sentido, no feito de que entre tódolos usos deste tipo coas persoas verbais é este con P6 o único que presenta un carácter obxectivo e neutro, frente ós usos antes vistos, todos eles posuidores dun certo matiz subxectivo-afectivo, en maior ou menor medida segundo os casos.

O procedemento deriva xa do propio latín, no que era frecuente, sobre todo a nivel popular, onde a construcción con P6 *litteram scribunt* era preferida á construcción pasiva paralela *littera scribitur*, pasiva que parece que nunca foi asimilada nestes niveis e que acabou de certo por desaparecer⁸.

Nas *CSM*, como era de esperar, os exemplos deste uso son abundantes. A súa identificación como tales construccíons de axente indeterminado verifícase evidentemente no conxunto do texto, motivo polo cal resulta ás veces problemático identifica-lo carácter dos exemplos en fragmentos textuais tan reducidos como os que operativamente podemos reproducir na nosa relación. Velaí, tendo en conta o dito, algunas ocorrências deste procedemento:

1. “poren morreu sen confisson, / per sua malandança. / Porque tal morte foi morrer, / nono *quiseron* receber / no no sagrad’, e ouv’ a jazer / fora, sen demorança” (24.25)
2. “Sobr’ esto deu Cesar seu joyz’ atal: / “*Serren* a eigreja, u non aja al, / e a quaraenta dias, qual sinal / de lei y *acharen*, tal a dev’ aver” (27.31,33)
3. “quis ir vende-lo almallo; mas el sayu-lle de mão, / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o *levassen* de corrudas” (31.54)
4. “que el que éste tan gran / se foss’ en corp’ ensserrar / nen andar / ontre poboos mÿudos, / Como *dizen* que andou / pera o mundo salvar” (46.52)
5. “[C]omo Santa Maria guareceu o moço pigureiro que *levaron* a Saxon e lle fez saber o Testamento da Scrituras, macar nunca leera” (53.1)
6. “[E]sta é de como Santa Maria guaryu con seu leite o monge doente que *cuidavan* que era morto” (54.2)
7. “Est’ uso foi mantéer / mentre no mundo viveu; / mais pois, quand’ ouv’ a morrer, / na boca ll’ apareceu / rosal, que *viron* têer / cinque rosas” (56.57)
8. “O bispo, quand’ est’ oya, / logo manaman / as vestimentas / pedia; / e taes llas *dan* / que ome nos poderia / preça-las de pran” (66.50)

⁸ Grandgent, *op. cit.*, # 112-114.

9. “Aquesto foi feito por húa menynna / que *chamavan* Musa, que mui fremono sinna / era” (79.13)
10. “Fora caer en cativo, / u jazia tan esquivo, / que non cuidou sair vivo / ante marteiros dobrados / Que lle *davan* e gran pêa” (83.20)
11. “na terra que *chaman* Bretanna Mayor, / fez a Santa Madre de Nostro Sennor / un gran miragre” (86.11)
12. “[C]omo Santa Maria quis guardar de morte un privado dun Rey que o *avian* mezcrado” (97.2)
13. “Dest’ un miragre vos contarey / que ... / a Virgen por un ome dun Rey / fez, que *mezcraran* com’ apres’ ey; / e ben sey / que o *cuidaran* a fazer morrer. / De tal guisa o *foron* mezclar, que o mandou log’ el Rei chamar” (97.10,12,14)
14. “E entrand’ a húa vila que *dizen* Caldas de Rey, / ond’ aquesta moller era, per com’ end’ eu apres’ ey, / avêo en mui gran cousa que vos ora contarey; / ca lle *viron* pelas toucas sangue vermello correr” (104.41,44)
15. “E desto queixou-ss’, e fez end’ enquisa / un bispo que *chamavan* Bonifaz” (105.68)⁹

2.1.3. Usos axencialmente indeterminados da perífrase verbal pasiva

Finalmente, o último dos procedementos de carácter verbal que nos queda por examinar de entre os que posúe o galego para expresa-la indeterminación do axente corresponde ó uso da perífrase verbal pasiva sen “complemento axente”. Como sabemos, a diátese pasiva presenta en galego dous procedementos de expresión distintos: un de carácter pronominal (pasiva con *se*), outro verbal, mediante perífrase. Tanto un como o

⁹ Pódense encontrar máis exemplos desta construción nas seguintes referencias: 106.19; 107.1; 117.26,29; 118.1; 124.42; 124.20; 128.6; 131.26; 133.2; 141.2,11; 148.2; 157.36; 158.8,10; 159.2; 162.1,2; 164.9; 166.20; 175.1,2; 179.35,36; 180.9,46; 184.2; 185.1; 186.2; 188.3,6,22,24; 193.2; 195.1,136,137,140; 199.37,38; 211.12; 212.3,39; 213.5,26; 214.22; 215.70; 223.12; 224.17; 226.24; 227.27; 229.24; 235.37,43,86,93; 236.12; 240.20; 244.11; 246.2; 249.1,11,13; 253.38,41; 255.3,80; 259.33; 261.82; 268.40; 271.11; 275.17,20,23,27; 292.81; 297.21; 301.2,15; 305.2; 306.11,15; 307.17,37; 308.7; 309.3; 311.41; 312.2,40; 315.40; 316.23; 319.16; 321.12,50; 322.40; 323.6; 324.42; 325.15; 326.26; 327.19; 328.2,22,46; 331.29,34,35,40; 334.8,16; 337.8; 341.50,52; 346.26; 347.40; 348.11; 353.44,47,52,57; 355.100,101; 356.2,3; 358.2,7; 359.2,17,24,26,27,29,31; 361.2; 362.20; 364.7,11; 365.8; 368.17; 372.10,16; 381.15; 383.13; 384.4,20; 385.21,23; 391.2; 393.2; 398.18; 403.32,43,45,47,49,51,53,55,57; 404.62; 405.18; 407.52; 408.126; 422.38,41,47,53; 427.36.

outro son susceptibles de ser actualizados lingüisticamente con ou sen axente, dando no último caso lugar á chamada “pasiva impersonal” ou, máis de acordo coa terminoloxía gramatical latina, ás “segundas de pasiva”. En concordancia co criterio formal que estamos a seguir, e atendendo tamén á xénese e vínculos colaterais de cada un destes procedementos, estudiaremos agora, dentro dos procedementos verbais, a “pasiva impersonal” perifrásica, deixando para o capítulo dos procedementos pronominais a análise da “pasiva reflexa impersonal”. Sen embargo, como a pesar da inexistencia dun único e homoxéneo procedemento específico para expresa-la pasiva, o contido categorial “voz” funciona unitariamente como tal, non podemos arredar da nosa perspectiva teórica unha visión unitaria dos diferentes procedementos que serven para expresar pasividade. Impонse por tanto, como paso previo, unha somera descripción do sistema diatético galego.

1.— *O sistema diatético galego.* Afirma M^a Antonia Martín Zorraquino¹⁰ que á hora de caracteriza-la diátese e as súas manifestacións cómpre diferenciar dous grandes grupos de factores: dunha banda, os factores formais ou morfolóxicos; doutra, os factores nacionais ou lóxicos. Neste último nivel, correspondente ó plano do contido, é onde definimo-la noción de “voz” como a categoría que indica o modo de implicación do suxeito no proceso expresado polo verbo. O outro grande grupo de factores, os morfolóxicos, non delimitan a noción categorial, senón as súas manifestacións formais, isto é, a proxección da referida noción categorial sobre o plano da expresión.

Esta dupla diferenciación de criterios na delimitación do estatuto gramatical da voz ou diátese é unha constante ó longo de toda a historia da lingüística, coa única particularidade de que, en última instancia, a tal diferenciación non deixou de ser nunca máis que unha confusa mistura duns e doutros. Sen embargo, como aponta oportunamente Martín Zorraquino: “ambas clases de factores pueden combinarse muchas veces pero no deben confundirse” (p. 49). Esta recorrente confusión de criterios, misturados sen reparar na súa pertenza a niveis lingüísticos distintos, a perspectivas de análise diferentes, arrasta tras de si uns presupostos erróneos latentes na maioría das delimitacións teóricas da diátese. Isto

¹⁰ M^a A. Martín Zorraquino, *Las construcciones pronominales en español. Paradigma y desviaciones*, Madrid, 1979, concretamente o capítulo I.2 da primeira parte, no que estuda “La supuesta vinculación de la diátesis del verbo y las construcciones pronominales”.

é algo que se pode constatar doadamente repasando os sucesivos intentos de descripción desta categoría ó longo da historia da lingüística, como fixo Jesús Pena centrándose na gramática española, nos preliminares do seu artigo “La voz en español. Intento de caracterización”¹¹. Tradicionalmente vénse considerando a categoría “voz” como un sistema de dúas únicas posibilidades (activa e pasiva), definidas, nociionalmente, en función do carácter “axente” ou “paciente” do suxeito, identificando “voz activa” e presencia de “suxeto axente” dunha banda, “voz pasiva” e “suxeto paciente” doutra. A este presuposto teórico engádese a necesidade da existencia duns procedementos específicos de expresión da categoría en cuestión para que sexa identificada como tal.

Con semellantes premisas estableceuse no galego, como nas linguas a el próximas, un sistema binario “voz activa” vs. “voz pasiva”, que a pesar de todo resultou desde sempre inadecuado para dar conta de determinadas construccions ás que comunmente se vén denominando “seudo-reflexas”, “case-reflexas” ou similares. Só moi pontualmente determinados lingüistas ousaron relacionar estes usos coa existencia dunha voz media, extrapolando sempre as súas afirmacións da situación do grego ou do indoeuropeo, linguas nas que a voz media si posuía procedementos de expresión específicos e diferenciados. Orazoamento de Lázaro Carreter ó respecto poderíase considerar paradigmático:

el sujeto de *me arrepiento* ni es actor ni es actuado por la acción. Su significado es típico de *voz media*, concepto éste tan familiar a indoeuropeistas y filólogos clásicos. No se me oculta que la extensión y variedades de la voz media son muy superiores; pero pienso que este término merecería ser conquistado para nuestro uso. (...) El pronombre, entonces, [nestas construccions] sería un simple signo de voz media”¹²

Semellantes asertos, cuantitativamente moi tímidos, parecen apontar á propia falsedad das bases teóricas sobre as que se vén establecendo a oposición diatética tradicional. De certo, non se pode identifica-la categoría “voz” co carácter “axente” ou “paciente” do suxeito, nin tampouco (e isto é moi importante) coa existencia de procedementos específicos de expresión: son moi poucas, se as hai, as categorías que posúen no plano da expresión, segmentos propios e inequívocos (sen amalgamas, sincre-

¹¹ J. Pena, “La voz en español. Intento de caracterización”, *Verba*, 9 (1982), pp. 215-252. Seguimos substancialmente, neste punto, a súa exposición.

¹² F. Lázaro Carreter, “Problemas de terminología lingüística”, en *Presente y Futuro de la Lengua Española*, vol. II (Actas de la asamblea de filología del I Congreso de Instituciones Hispánicas), Madrid, 1964, pp. 388-389.

tismos e demais) polos que se puidesen individualizar uniformemente. O que acontece é que, como sinala Rodríguez Adrados: "Las oposiciones en sistema son ... oposiciones entre los significados de las formas, no entre las formas. Pues la forma puede cambiar sin que cambie el sentido"¹³. Xa que logo, podemos considerar que o sistema diatético galego non variou, en tanto que noción categorial, con relación ás linguas que mantíñan procedementos de expresión diferenciados (particularmente dentro do indoeuropeo), porque os cambios habidos no plano da expresión non alteraron o contido do primitivo sistema de oposiciones da categoría voz.

A vista do dito, podemos seguir considerando como oposición diatética fundamental (en galego ó igual que en todo o indoeuropeo) a que contrapón a voz activa á non-activa (á chamada, nun sentido amplio, voz media) en función da [\pm afección] ou participación do suxeito no proceso verbal. Así, a voz activa, a que amosa [$-$ afección] do suxeito no proceso, presenta un suxeito que non é término (elemento afectado polo proceso), na estructura semántica, ofrecendo un esquema:



frente á voz media, caracterizada positivamente pola afección do suxeito no proceso expresado polo verbo, o que implica que o suxeito contén nos seus límites o término da estructura semántica, ben por ser el propio o término,




co que estamos na voz medio-pasiva, ou simplemente pasiva, ben porque o proceso verbal non trascende os límites do suxeito, que é así a un tempo axente e término da estructura semántica: é o que ocorre na voz media-interna, ou voz media en sentido estricto (ex. *Pedro foise*).

Algúns autores, como é o caso de Jesús Pena para o español, quen segue neste punto o establecido para o grego por García Gual¹⁴, consideran a reflexividade como un terceiro tipo de voz media, interpretando que o

¹³ F. Rodríguez Adrados, *Lingüística estructural*, Madrid, 1969, 2 vols., p. 490.

¹⁴ C. García Gual, *El sistema diatético en el verbo griego*, anexo XX de *Emerita*, Madrid, 1970, p. 59.

suxento está afectado no proceso verbal. Resulta canto menos discutible semellante interpretación, frente á posibilidade, pola que nos inclinamos, de considera-la construcción reflexiva unha variante da voz activa na que suxento e complemento (axente e térmico) coinciden referencialmente. En efecto, *Pedro lávase* presenta unha construcción de base *Pedro lava a Pedro*, equifuncional, na que o suxento non está afectado no proceso verbal, senón o complemento, como en toda construcción activa, coa única particularidade de que ámbalas funcións (suxento e complemento) fan referencia a unha mesma realidade extralingüística. Isto é:



Delimitadas as modalidades de voz constituíntes do sistema diatético do galego, podemos facilmente comproba-la falta de uniformidade entre aquelas e os seus procedementos específicos de expresión. En realidade, frente á voz activa, expresada sempre mediante desinencias verbais propias, as modalidades de voz media nunca presentaron procedementos de expresión específicos. O latín posuía un sistema desinencial non activo (*am-or*) que servía para expresar tanto contidos medio-pasivos como medio-internos, por non entrar noutrous valores, como os activos dos verbos deponentes. Paralelamente presentaba a posibilidade de expresar voz media-interna mediante a construcción pronominal con *se*, que tamén servía para expresa-la activa reflexiva. Co paso ó romance, esta construcción pronominal con *se* pasou tamén a poder significar media-pasiva (a pasiva reflexa) e posteriormente activa axencialmente indeterminada, como veremos no capítulo seguinte. En canto ó sistema desinencial en *-or* foi eliminado en romance, sendo substituído por unha perifrase verbal con “*ser + participio*” que, se ben nun principio podía expresar eventualmente voz media-interna (*Daquesto foron [mui] maravillados / quantos das terras y foron juntados*, CSM, 39.31) acabou por limitarse á expresión da pasividade, consagrando así a tendencia latina a expresar mediante as chamadas formas pasivas do verbo exclusivamente voz medio-pasiva.

Poderíamos representar, de modo aproximativo, a evolución dos procedementos de expresión das voces desde o latín ata o galego no seguinte

cadro (representamos entre parénteses as formas minoritarias, por decadentes ou incipientes, en cada período):

	lat. clás.	lat. tard.	gal. med.	gal. act.
ACTIVA	-o	-o	-o	-o
MEDIA	se (-or)	se (-or)	se (perif.)	se
PASIVA	-or ((perif.))	-or ((perif.))	perif. (se)	perif. se

Como se pode comprobar, as transformacións sufridas polos procedementos que no plano da expresión soportan procesos medios e pasivos non afectan á integridade do sistema diatético.

A partir da descripción exposta, podemos pasar a analiza-las posibilidades de expresar proceso axencialmente indeterminado mediante a chamada “pasiva impersonal” a través dun dos procedementos de construción pasiva no galego: a perífrase verbal.

2.— *A pasiva perifrásica “impersonal”*. a) Non se pode considera-la voz pasiva como un fenómeno estritamente sintáctico, ou radicado predominantemente no plano da expresión, esquecendo as fundamentais implicacións que presenta no nivel semántico, no plano do contido, así como a importancia que a funcionalidade informativa ten sobre a actualización pasiva dun proceso. Sen entrar no fondo do problema, sabemos que desde unha óptica limitada estritamente ó nivel sintáctico do plano da expresión pódese chegar á negación da categoría voz por vía da identificación formal e funcional entre a perífrase pasiva e a frase nominal con *ser*. Discútese profusamente sobre a existencia ou non de formantes da voz pasiva no plano da expresión, pero non se cuestiona a posibilidade de procura-la caracterización da pasiva (da categoría voz, en suma) noutro plano distinto, pois pasariamos a operar nun nivel pretendidamente extralingüístico, tal e como se deriva, por exemplo, das palabras de Alarcos: “No hay tal pasiva (...). Lo cual no quiere decir que el español sea

incapaz de manifestar estos contenidos, pero sí que éstos carecen de forma lingüística en castellano” (pp. 93-94).

Sen embargo, como en todo signo, a oposición categorial “voz” establecése nos dous niveis lingüísticos (significado e significante) e, como xa apontamos, a que entre elas domina é a oposición do significado, pois o cambio lingüístico no significante pode non alterar para nada a situación no significado. En consecuencia, tódolos autores que participan, dun e doutro bando, na controvertida disputa acerca da hipotética existencia de formantes que xustificasen a identificación da voz pasiva participan por igual do que Hjemslev chamaba “prexuício desinencial”, ó consideraren que os contidos categoriais veñen expresados só por procedementos desinenciais ou flexivos.

Neste sentido paréceme interesante referirnos ás funcións comunicativas que inciden sobre a expresión pasiva da información, dada a importancia que teñen na eventual expresión axencialmente indeterminada dos procesos. En efecto, a diátese depende, a un determinado nivel, da orientación informativa que a un contido se lle queira dar. Como acertadamente aponta Nelson Cartagena, diante da expresión dos contidos da realidade extralingüística “el hablante puede adoptar una determinada *perspectiva*, lo cual implica ya un *nivel lingüístico*, y, de este modo, *enfocar* la situación denotada desde el punto de vista del agente (*perspectiva “activa”*) o del objeto (*perspectiva “pasiva”*)”¹⁵. Partindo desta análise, non dubida este autor en concederles “un *valor informativo* distinto a las estructuras activa y pasiva” (*ibid.*). Así, considerando como prototipo do contido informativo o consistente nun proceso que ten unha *causa* (o axente) e un *efecto* (o térmico ou obxecto) podemos afirmar que o enunciado activo é aquel que está fundado na causa (no axente), mentres que o pasivo é o fundado no efecto (no térmico). Segundo isto, é activa, en palabras de M. Molho, a voz que “representa el proceso según su orientación natural”, isto é, da *anterioridade/causa/axente* cara á *ulterioridade/efecto/término*, en oposición á pasiva, “que no se funda en la causa, y a partir de la causa en la obtención del efecto, sino en el mismo efecto obtenido”¹⁶.

Daquela, un enunciado como *e poreñ gran maravilla lle foi per ela nostrada* (CSM, 75.11) é “máis impersoal”, permítasenos a impropiedade, que aqueloutro de contido *grosso modo* idéntico *ela mostrulle gran*

¹⁵ N. Cartagena, *Sentido y estructura de las construcciones pronominales en español*, Concepción (Chile), 1972, p. 113 (suliñados nosos).

¹⁶ Molho, *op. cit.*, p. 172.

maravilla, en función do desinterés informativo que para co axente presenta a formulación primeira. Téñase en conta que a lingua prefire a construcción activa, deixando a pasiva para usos marcados, nos que o que se quere salientar é precisamente o desinterés polo axente (consubstancial á propia diátese pasiva).

b) Unha visión histórica da forma verbal pasiva evidencia o recuamento desta construcción, xa desde vello. Parece probado que o indoeuropeo posuía inicialmente as voces activa e media, sendo a pasiva unha creación moi posterior, inversión da voz activa no seu contido, e usurpadora das formas medias preexistentes no plano da expresión. Sen embargo, ó longo de toda a historia do latín apréciase unha certa repugnancia ó uso da forma verbal pasiva, fenómeno que foi particularmente intenso no nivel popular, onde o uso desta forma debeu ser moi inferior ó que reflexan os escritores. Preferíase a construcción activa, ou ben o verbo impersonal (*debet, potest...*) no caso de quererse marca-la indeterminación do axente.

Co tempo, acabou creándose, moi tardíamente, un paradigma de pasiva regularizado de carácter perifrástico, carente por tanto de morfemas propios. Pero a nova construcción, consolidada no século VIII, non chegou a recuperar toda a vitalidade, xa ata certo punto minguada, que tiñan as formas clásicas no uso culto, dado que sufriu en boa medida a competencia doutras fórmulas de progresiva implantación como a construcción con *se*, con *homo*, ou o uso axencialmente indeterminado de P6, as cales xa lle viñan comendo o terreo á construcción pasiva clásica, antes de configurarse a forma pasiva latino-vulgar.

c) O proceso continuou en romance, cun paulatino retroceso da pasiva, agora perifrástica, desde a Idade Media ata o presente. Pódese afirmar, como mostra do dito, que o nivel de presencia da perífrase pasiva nas *CSM*, sendo considerablemente inferior ó do latín literario, é bastante superior ó que aparece na lingua literaria moderna (a nivel coloquial a perífrase pasiva é hoxe verdadeiramente inusual). Se a isto engadímos la marcada repulsión do uso lingüístico para coa presencia do complemento axente, comprenderase ata que punto a voz pasiva se foi especializando na expresión dos contidos de axente non determinado.

O fenómeno, como sabemos, nada ten de novo, e xa nas *CSM* se aprecia un uso moi superior das construccions pasivas sen axente (as tradicionalmente chamadas “segundas de pasiva”) verbo daquelas que si levan axente actualizado lingüisticamente. No cómputo das ocorrencias

de perífrase verbal pasiva que temos rexistradas no conxunto da obra (cómputo que, se ben non pretende ser definitivo, si é valido aproximativamente) atopamos un uso algo superior ó duplo da pasiva sen axente sobre as provistas de complemento axente¹⁷, correlación altamente significativa: dun total de 456 ocorrencias rexistradas, 310 (o 68,0%) non levan o axente actualizado, frente ás 146 restantes (32,0%) que si o levan. Nestes últimos casos o complemento axente pode ir introducido por diferentes preposicións, sendo nas *CSM*, como acontece en toda a Idade Media, a máis importante *de* (introduce o axente en 100 ocasións, o 68,4% do total), seguido a moita distancia de *per* (37 ocorrencias, 25,4%) e finalmente aparece a forma *por*, moi pouco frecuente (só 9 ocorrencias, o que supón escasamente o 6,2% do total). Como é sabido, co tempo inverteuse esta situación, impónendose o uso da preposición *por* introducindo complemento axente, se ben quedou a posibilidade de certos usos marxiniais con *de* (*isto é de todos coñecido*).

No seguinte cadro reflexamo-los datos a que nos acabamos de referir:

	Nº	%		Nº	%
PAS. SEN AX.	310	(68,0%)	DE	100	(68,4%)
PASIVA CON AXENTE	146	(32,0%)	PER	37	(25,4%)
TOTAL	456	(100,0%)	POR	9	(6,2%)
			Total c/ax.	146	(100,0%)

Por tanto, dous de cada tres usos da perífrase pasiva presentes nas *CSM* son axencialmente indeterminados, e no terceiro restante o axente,

¹⁷ Operamos cun criterio propositadamente ríxido excluíndo do cómputo tanto as presuntas perífrases pasivas interpretables como atributivas con *ser*, como certos complementos que poderían terse ou non, más ou menos ambiguamente, como axentes (así en “os frades foron espantados / *do que oyron*” 96.42, a frase preposicional suliñada podería interpretarse como complemento axente ou circunstancial de causa). De calquera maneira, afná alterando este criterio, o balance global non se vería modificado significativamente. Como é obvio, tampouco computámo-las ocorrencias da perífrase “*ser + participio*” con claro valor medio.

se ben aparece actualizado lingüisticamente, está marxinado dentro da estructura informativa do enunciado. Exemplos de construcción perifrástica pasiva sen complemento axente nas CSM son:

1. “E, par Deus, non é de calar / como *foy coroada*, / ... / e Reña *chamada*, / Filla, Madr’ e Criada” (1.74,79)
2. “un seu prelado, / que primado foi d’ Espanna / e Affons’ *era chamado*” (2.10)
3. “venna provar o maestr’ este mal; / se non, a testa lle *seja tallada*” (17.53)
4. “Demais lles mandou que aquelas espadas / con que o mataran *fossen pecejadas*” (19.41)
5. “Todo logar mui ben pode *seer deffendudo* / o que a Santa Maria á por seu escudo” (28.3)
6. “e conssellou / que ant’ a Majestade / da Virgen fossen queimar / candeas, que *traudo* / o poboo do logar *non fosse*, nen *rendudo*” (28.46,48)
7. “e assi *combatudo* / o muro *foi* sen vagar, / que toste *foi fendudo*” (28.55,57)
8. “quero-me batiçar, / mas non *seja sabudo*” (28.129)
9. “na santa Gessemani / *foron achadas* figuras / da Madre de Deus, assi / que non foron de pinturas. / Nen ar *entalladas* non / *foron*”. (29.10,11)
10. “que lle rogue, quando sannudo for / contra nos todavia, / que da ssa graça nen do seu [amor] / non *sejamos deitados*” (30.14)¹⁸

¹⁸ Mais exemplos poden atoparse nas seguintes referencias: 26.97; 31.7,24,47, 61; 32.18,19,20; 35.15; 42.62; 48.11; 51.35; 57.48; 65.235; 69.95; 75.56,108,176; 83.8,33,67,68; 85.25,53; 89.5,68; 93.42; 95.57,58,85; 99.48; 107.11,12,13; 111.63; 114.3; 117.4,5; 119.49; 124.18,21; 128.42,70; 129.33; 135.27,30,35; 136.33,34, 35; 140.2; 141.13; 145.25,26,60,62,63,70; 150.16; 158.7; 161.37; 164.11; 169. 20; 172.10,11; 179.2; 180.7,15; 184.19; 185.93; 189.12; 191.5,6; 192.12,159; 193. 60,61; 195.60; 196.17,55; 197.12,34; 199.4; 205.15,25,27,28,45,60,64,70; 208. 3,4,23,58; 209.4; 213.9; 214.12; 215.53,68; 218.3; 219.12; 220.10; 222.17,21,28, 39; 224.37; 228.49; 232.33; 234.30; 235.2; 237.97,102,125; 241.94; 245.117; 247. 9,39; 251.90; 253.22; 254.7; 255.107,116,125; 256.35; 262.25; 263.38; 264.31,41; 267.71; 270.34; 271.8,46,47; 277.7; 278.2; 286.8; 288.11; 291.20; 292.56; 296.27; 300.6,13; 301.20,22; 302.25,27; 303.10,12; 304.19; 305.76; 308.44; 311.30,62; 312.3; 313.30,71; 315.4,28,63; 316.47; 321.50,55,60; 322.33; 323.4,10,48; 324. 38; 325.21; 328.4,6,7,13,48,53,55,56,57,63,83; 329.71,77; 331.34,41; 333.31,41; 335.101; 340.42; 341.70; 345.7,27; 346.4,12,31; 349.36; 354.47; 355.83,118,126; 357.6,24; 358.5,8,23,30,32,33; 359.7,14,49; 360.21; 363.17; 366.13,41; 367.21,23; 368.25,41,42,56; 369.34; 374.2,7,17; 375.52; 376.3,12,13,48; 377.22; 383.58; 384.3,5,8; 389.15; 391.25; 392.11,22,40,41; 498.46; 403.23,24; 405.62; 409.74,

d) Acerca do carácter axencialmente indeterminado destas construcións pasivas sen complemento axente cómpre facer finalmente algunas matizacíons, en última instancia bastante obvias. En primeiro lugar, incluímos na relación que acabamos de facer algúns casos, cuantitativamente poucos, nos que a pesar de non leva-lo proceso pasivo un complemento axente na estructura sintáctica, o axente está presente na estructura semántica, actualizado no conxunto do texto no que se insere o feito comunicativo. Así en

*“Quand’ esto viron os mouros, teveron que grand’ avondo / de vertud’ en ela era,
e foi da agua sacada”* (215.53)

a pesar de non leva-la pasiva o chamado complemento axente, o propio texto infórmanos acerca da identidade do axente do proceso: foron os propios mouros os que a sacaron da agua. De maneira semellante en

*“Daquest’ un miragre fezo en Salas Santa Maria / dúa moça que nacera cega (...)
mas en ora dűa dia / guariu-a Santa Maria, como vos será contado”* (247.9)

o contexto comunicativo identifícanos claramente o axente do verbo en “pasiva impersonal”: é o “eu” do narrador (que, como acontece adoito neste tipo de obras, diríxese real ou supostamente ó seu “público”) o axente do proceso. Xa que logo, debemos limita-lo concepto de indeterminación axencial, nestes casos, cinxíndoo ó ámbito da oración na que se insere, sen transvasalo ó conxunto do texto. Con todo, parécenos informativamente significativo o simple feito de que non se actualice o axente dentro da propia construcción.

Por outra banda, como é doado inferir, tamén unha construción pasiva con complemento axente na estructura sintáctica pode resultar, na estructura semántica, axencialmente indeterminada sempre que o segmento destacado como complemento axente sexa índice de indeterminación axencial, como ocorre en

“Cantando e con dança / seja por nos loada / a Virgen coroada / que é noss’ asperanza. / Seja por nos loada, / e de dereito faremos” (409.3,6)

onde o complemento *por nos* indica simplemente indeterminación do axente mediante a xa analizada construción pronominal con P4 (cfr. 2.1.2.D)

2.2. Procedementos pronominais

Comprendemos dentro dos procedementos pronominais para a expresión do axente indeterminado tanto aquelas construccíons que presentan como índice da devandita indeterminación un pronome persoal (concretamente o reflexivo *se*, que desenvolveu nas distintas lenguas romances usos “impersoais”, tanto activos como pasivos) como aquellas das que o índice é un pronome indefinido: referímonos ás construccíons axencialmente non determinadas con *ome* e *un*.

Non podemos deixar de facer referencia, aínda que sexa só de pasada, á impropiedade da inclusión de *ome* dentro dos chamados pronomes indefinidos, impropiedade que podemos facer tamén en boa medida extensible a *un*. En efecto, *ome* é un substantivo que, a través dun uso referencialmente xenérico, chegou nun determinado momento a se gramaticalizar como índice de indeterminación axencial, mais sen pasar por un uso verdadeiramente pronominal. En canto a *un*, abonda con aludir á súa problemática adscrición como numeral, artigo, indefinido, adxectivo..., aspecto sobre o que obviamente non imos aprofundar. En realidade, só cabería falar propiamente de construccíons pronominais tratándose de pronomes persoais átonos (no noso caso, as construccíons “impersoais” con *se*) como fan por exemplo Monge, Cartagena ou Martín Zorraquino nos seus estudos específicos sobre o tema. Nós, sen embargo, por simplicidade metodolóxica, dado que non podemos estendernos a pór en cuestión a adscrición categorial das referidas partículas, consideramos tamén as construccíons “impersoais” con *ome* e *un* como procedementos pronominais.

A respecto das construccíons de axente indeterminado con *se* distinguimos dunha banda a construcción pasiva, a chamada pasiva reflexa sen complemento axente, e doutra banda a construcción activa axencialmente indeterminada (*véndese as casas*, *vívese*). Trátase, por tanto, das construccíons pronominais tradicionalmente denominadas pasivas e activas impersoais.

Nelson Cartagena distingue no español contemporáneo tres tipos de construccíons pronominais diferentes no seo das chamadas pasivas e activas impersoais. Son, na súa terminoloxía (pp. 110-147):

- construccíons de valor pasivo
- construccíons de suxeito indeterminado
- construccíons de suxeito pasivo-indeterminado

O primeiro tipo corresponde ás construccíons pronominais pasivas con

complemento axente (tipo: *la puerta se abre por Carlos*). As construccóns “de suxeito indeterminado” corresponden ás tradicionalmente chamadas “activas impersoais” nas que o axente do proceso aparece indeterminado, isto é, non actualizado lingüisticamente, no mesmo sentido en que empregamos nós o termo (tipos: *se vende objetos valiosos*, *se duerme*, etc.). Por último considera as construccóns do tipo *se desea la felicidad*, *se alquilan cuartos* como “de suxeito pasivo-indeterminado”.

A consideración deste último tipo de oracións constitúe un dos moitos puntos controvertidos deste capítulo da gramática. Como ben amosa o propio Cartagena, os gramáticos hispánicos polarizan as súas posicións a este respecto en torno a dúas posturas antagónicas: uns, encabezados por Bello, consideran estas construccóns claramente pasivas; outros, representados paradigmaticamente por Lenz, considéranas activas de axente indeterminado. Isto é: os primeiros consideran suxeito a frase nominal de *alugarse a casa*, interpretando que ‘a casa é alugada’, mentres que os segundos considérana acusativo, interpretando que ‘alguén aluga a casa’. A falta de criterios formais ou funcionais, a adscrición a un ou outro grupo depende de valoracións apriorísticas, ata o punto de que, como sinala Cartagena, “la intransigente inclusión en uno o en otro tipo empieza a adquirir, desde el punto de vista teórico, caracteres bizantinos” (p. 158). En realidade, o que acontece é que estas construccóns, sen pertencer a un ou outro tipo, posúen rasgos comúns e diferencias substanciais con ámbolos dous. A propia vacilación na concordancia nestas construccóns (*véndese pisos* ~ *véndense pisos*, meras variantes alternativas no uso) é un indicio da impropiedade de adscribilas quer a un “sentido pasivo”, quer a un “sentido activo-impersoal”. Ben ó contrario, é desa alternancia e desa indiferenciación formal e semántica do que cómpre dar conta, pois constitúe en si a característica esencial deste tipo de construccóns.

Xa que logo, aceptando estes postulados, poderásenos preguntar: ¿por qué, entón, anunciamos unha diferenciación binaria dentro das construccóns con *se*, distinguindo as pasivas das activas “impersoais”, sen facerlle lugar a este terceiro tipo ambivalente e mixto? A resposta é simple: porque no século XIII aínda a evolución destas construccóns pronominais non xerara as condicións que haberían xustificar, andando o tempo, o terceiro tipo referido, tanto en galego como en español. En efecto, estas construccóns pronominais, lonxe de presentaren un uso uniforme e consolidado, amosan unha evolución aínda hoxe sen estabilizar, constituíndo un auténtico “terreno movedizo de la sintaxis”, en acertada expresión de Cartagena (p. 147). Pois ben, dentro desta constante

evolución das construccíons con *se*, non é, como veremos, ata os séculos XV-XVI cando aparecen formalmente diferenciadas as construccíons pronominais activas (as “de suxeito indeterminado” de Cartagena, grupo b), canto menos dunha maneira minimamente consolidada. Por tanto, a falta de oracións sen concordancia (*véndese libros*), tódalas demais son consideradas pasivas, independentemente de levaren complemento axente ou non, pois non podían ser vistas doutra maneira, a falta da posibilidade complementaria, a construcción activa. Soamente cando se formaliza a construcción activa “impersoal” o recargo funcional do *se* dá lugar á diferenciación do terceiro tipo de construccíons, as que Cartagena denomina de maneira mixta “de suxeito pasivo-indeterminado”.

2.2.1. *O 'se' pasivo*

Como afirma Félix Monge no seu estudio sobre as frases pronominais de sentido impersoal no español, “la historia del pronombre reflejo, desde la primera época del latín hasta nuestros días, consiste en una lenta pero continua expansión a otros empleos desde su reducida esfera primitiva”¹⁹. En efecto, esta pequena partícula que nun principio funcionaba só como pronomé persoal reflexivo de terceira persoa, acabou por se converter no procedemento más habitual para expresar contidos pasivos e, máis tarde, activos de indeterminación axencial.

Para comprenderlo enorme desenvolvemento das funcións desta partícula, cómpre salientar, seguindo a Monge, o feito de que en latín as desinencias pasivas, ademais de impopulares, estaban sobrecargadas de funcións e ata mesmo para algúns autores non era o valor pasivo, entre os múltiples que presentaba, o máis importante. O certo é, en calquera caso, que era moi frecuente, como sabemos, o valor medio das desinencias chamadas pasivas, que podían ofrecer tamén valores reflexivos, recíprocos e mesmo activos. Por outra banda, a construcción reflexiva con *se* tiña, dentro do seu reducido ámbito de uso pronomino persoal, a posibilidade de expresa-la afección do suxeito no proceso verbal, isto é, a voz media. Co-

¹⁹ F. Monge, “Las frases pronominales de sentido impersonal en español”, *Archivo de Filología Aragonesa*, VII (1955), pp. 7-102. A cita corresponde á p. 12. E este un traballo fundamental, e xa clásico, sobre a materia, cun enfoque diacrónico. Seguirémolo esencialmente para explicala evolución dos usos do *se* desde o reflexivo ata o “impersoal”. As aportacións do profesor aragonés sobre o tema prolónganse, en boa medida, na obra da súa discípula M^a Antonia Martín Zorraquino, *op. cit.*, se ben curha orientación diferente.

mo xa notamos no seu momento, o valor medio, individualizado formalmente en indo-europeo e ánda en linguas como o grego (se ben de maneira moi imperfecta), estaba en latín substancialmente amalgamado nas designencias pasivas. Pero pouco a pouco, a construcción reflexiva, que, lembrémolo, desde sempre gardara a posibilidade de expresar contidos medios, vai ampliando esa potencialidade ata chegar, no baixo latín, a desbanca-las formas en *-or* da expresión da voz media. A partir deste punto, a construcción reflexa con *se* chegará no seu proceso de expansión a expresar contidos pasivos, a través dunhas fases que tentaremos desenvolver sinteticamente.

O pronomo persoal reflexivo *se* só se podía empregar nun principio facendo referencia a persoas, como ocorre con todo pronomo persoal (*miles se occidit*). Pero co tempo foise cada vez máis, ó longo da historia do latín, construíndo con suxeito de cousa (*fores se aperiunt*), cun certo matiz, en principio, de personificación dese suxeito de cousa. Pouco a pouco, a medida que, polo desgaste de expresividade inherente ó uso frecuente, se foi perdendo ese sutil matiz de animización, a construcción reflexiva foise gramaticalizando ata se converter en instrumento dun valor medio intransitivo: ‘ábreñese as portas’, non porque estean personificadas, animizadas, senón porque o proceso se realiza dentro do propio suxeito, isto é, porque *as portas* participan internamente da acción de *abrírense* (valor medio). Neses circunstancias, depende unicamente de factores contextuais, nun sentido amplo, a adscrición dunha frase ó sentido medio ou ó pasivo: “Si el contexto indica que el autor del proceso es el mismo sujeto, tenemos un medio de interés o un medio reflexivo; si el contexto indica que el agente es exterior al sujeto la forma media adquiere un sentido pasivo”²⁰. Obviamente, unha frase como *a casa vendese* é interpretada como pasiva, frente ó que acontece con *a casa arruinouse*, xa que resulta insólito pensar nas ‘casas’ como axentes do proceso de ‘vendérense’ (ten que haber alguén distinto a elles propias que as venda), pero non no de ‘se arruinaren’, proceso no que a fin de contas participan (valor medio de afacción interna).

É unha opinión amplamente estendida entre os especialistas, e compartida por Monge, considerar que a construcción pronominal medio-pasiva con *se* non chegou nunca en latín a expresar un sentido plenamente

²⁰ Monge, art. cit., p. 19. Os factores más importantes que propician o sentido pasivo destas construccions son, para o autor: significado do verbo, cualidade da acción verbal, tempo do verbo, necesidade dun axente exterior, carácter do suxeito e grao de concreción da acción. “De todos los factores indicados el más importante es sin duda el significado del verbo” (p. 34).

pasivo. Sen embargo, o que queda fóra de dúbidas é que o proceso que habería de dar lugar indefectiblemente á construción de sentido pasivo (o proceso de grammaticalización do *se*) estaba irreversiblemente moi avanzado xa nos primeiros séculos da nosa era. Así pois, como afirma Müller²¹, non é este un procedemento habilitado *ex professo* para reempraza-la pasiva sintética moribunda, senón que xa se viña desenvolvendo en potencia ó longo de tódalas épocas do latín. A desaparición do sistema pasivo sintético, que Müller data no século VIII, favoreceu loxicamente a xeralización da expresión con *se* de contidos medio-pasivos, pero en definitiva trátase de dous fenómenos distintos.

Esta era a situación que presentaba o latín xa nas portas da fragmentación románica. Nos romances, o sentido pasivo nas construccíons con *se* aparece xa bastante consolidado desde os primeiros documentos por toda a Romania. É precisamente a prematura solidez destas construccíons e o seu carácter pan-románico o que leva a postular a Hernández Alonso²² a idea de que o sentido pasivo das construccíons reflexas non era descoñecido no latín vulgar tardío, aducindo como proba o seu uso nas *Glosas Silenses*. Rafael Lapesa, que nas primeiras edicións da súa *Historia de la lengua española* testemuñaba esta construcción só desde o *Poema de Mío Cid*, retrasa posteriormente a súa documentación tamén ata o século X (*Glosas Emilianenses*)²³, no interregno lingüístico latino-romance. Velaí os exemplos aducidos:

“abitaciones antiquas desolabuntur: *nafregarsán*” (*Gl. Emil.*, 20)

“comedi porci proibeantur usque dum mazerentur: ata ke *se mondén*” (*Gl. Sil.*, 328)

Á vista dos datos apontados, semella abondo verosímil a retroproxección das orixes desta construcción pasiva reflexa cara ó latín tardo vulgar, pois doutra maneira resultaría difícilmente xustificable o carácter pan-románico da construcción e a súa documentación nos romances desde o período arcaico. No galego-portugués tamén rexistramos esta construcción desde moi cedo:

²¹ H.F. Müller, “The passive voice in vulgar latin”, *Romanic Review*, XV (1924), pp. 68-93.

²² C. Hernández Alonso, “Del *se* reflexivo al impersonal”, *Arquivum*, XVI (1966), p. 52.

²³ R. Lapesa, *op. cit.*, p. 216.

“Qui moro alleno achar en nostros terminos, assi como se contene en nostra carta, denle en honor. I^a. octaua de mor.” (*Foros de Castelo Rodrigo, ano 1209*)²⁴

Vexamos como e en que condicións aparece esta construción pronominal pasiva nas *CSM*. Distinguiremos, a tal efecto, os enunciados con suxeito de cousa dos que levan suxeito animado, dadas as diferentes circunstancias e a sorte diversa que presentan, nun e noutro caso, estas construccíons.

2.2.1.A. *Pasiva reflexa con suxeito de cousa*

O carácter [\pm animado] do suxeito das construccíons pronominais con *se* é fundamental á hora de acadaren estas construccíons sentido pasivo. O fenómeno é lóxico se pensamos que a aparición do sentido pasivo depende da perda do valor medio previo nestas construccíons, como punto final do proceso de gramaticalización dun uso expansivo do *se* que comezara pola aplicación “animizadora” do orixinario pronomé persoal a suxeitos de cousa. Daquela, o sentido pasivo non se acada ata desaparece-lo matiz de participación do suxeito gramatical na acción do verbo. Resulta evidente que este paso é máis doado de darse sendo o suxeito de cousa que tratándose dun suxeito animado, pois como afirma Félix Monge: “Si es preciso, para el valor pasivo, que el sujeto no pueda ser imaginado en ningún sentido ni medida como actuante, está claro que este hecho puede darse con mucha mayor facilidad si el sujeto es inanimado que si es animado” (p. 46). De aí que fosen sempre más abundantes, desde a Idade Media ata o presente, as construccíons pronominais pasivas con suxeito de cousa.

Os exemplos desta construcción con suxeito [– animado] que rexistramos nas *CSM* son os que seguen:

1. “ca ben trobar assi s’á de fazer” (B.8)
2. “e gáou dessa vez / aquela eig[r]eja a Sennor de prez, / que foi a primeira que *sse* nunca *fez* / en seu nome dela.” (27.62)
3. “E porende venno a ti / que mio cobres, sequer ali / u *ata missa sse dirá*” (92.27)
4. “Ai, Santa Maria, val! / Non é est’ o meu móesteiro, pois de mi *que se fará?*” (103.36)
5. “Como Santa Maria fez a *sa omagen* que mudaran dun altar a outro que *se tornass’* a seu logar onde a tolleran” (162.2)

6. “Pero non ouve cobrada / Sa coor com’ ant’ avia, polo mal que recebeu, / e assi estede sempre; e per esto s’ *entendeu* / quanto ll’o feito pesara
7. “foi-ss’ enton a un altar / da Virgen Maria e começoull’ a rogar de ss’ *acabar esta prosa* que lle foss’ ajudador” (202.20)
8. “Ca *aquestas duas cousas* fazen mui cumpridamente / gaannar amor e graça dela, se devotamente *se fazen*” (205.9)
9. “Como Santa Maria guardou *sas relicas* que se no *danassen* entr’ outras mui- tas que *se danaron*” (257.1,2)
10. “e muitas gentes y van / tēer ali ssas vegias e de grad’ y do seu dan / por se *fazer a eigreja e a torr’ e o portal*” (266.14)
11. “pelo seu rogo *se desatan* / os peccados dos que ben baratan” (280.5)
12. “Per ela sse *corregen os tortos*, / e ar faz ressocita-los mortos” (280.9)
13. “*as obras* de Deus non / son pera *saber-sse* todas” (306.8)
14. “alen do rio da vila, assi com’ eu apres’ ey, / *virtudes sse descobriron*” (316.23)
15. “*O que* mui tarde ou nunca *se pode* por meezyā / *sāar*, en mui pouco tem- po guarez’ a Santa Reynna” (321.3)
16. “e leva-o a menynna do calez que sobr’ a ara / está, u *se faz o sangui* de Deus do výo de výa” (321.53)
17. “*En quantas guisas* os seus acorrer / sab’ a Virgen, non *se pode dizer*” (339. 4)

Monge establece ó longo do seu artigo algunas características gramaticais presuntamente favorecedoras do valor pasivo das construccions pronominais. Revisarémolas á luz do que nos amosan as *CSM*:

a) Considera o profesor aragonés que as frases pronominais con verbo en infinitivo constitúen a primeira manifestación do valor pasivo dado que nelas “la acción verbal es de tal abstracción e indeterminación que facilita el olvido de algo tan subjetivo y huidizo como el valor medio” (p. 31). Alega ó respecto que, nos primeiros documentos da lingua, dáse o valor pasivo con más frecuencia en frases con infinitivo que con verbos en forma persoal. Non é posible, cos datos sincrónicos obtidos do estudio dunha soa obra, precisar se verdadeiramente foi a forma non persoal a ponte esencial de paso cara ó valor pasivo. En todo caso cómpre lembrar que de entre os exemplos arcaicos arriba aducidos das *Glosas castelás* e do *Foro de Castelo Rodrigo* ningún presentaba o verbo en infinitivo. O que si podemos constatar nas *CSM* é que estas construccioóns con infinitivo son

minoritarias verbo das que levan formas persoais, se ben son unha minoría considerable: 6 exemplos sobre 18 ocorrencias²⁵, agrupadas á volta de tres construccóns: *se + verbo auxiliar + infinitivo* (níms. 15, 16), *haber de + infinitivo* (ním. 1) e *se + infinitivo* (níms. 7, 10, 13).

b) Outro dos factores que na opinión de Monge favorecen o sentido pasivo das construccóns con *se* é a presencia de determinacións adverbiais: “Al situar o concretar la acción de uno o de otro modo, al indicar las circunstancias que la rodean, es menos fácil que subsista un posible resto de valor medio e intransitivo, ya que el acento psicológico de la frase carga sobre el hecho de dónde, cuándo, cómo, etc., la acción fue, es o será realizada” (p. 39). En efecto, a determinación adverbial estorba a idea de participación interna do suxeito no proceso, dado que o proceso medio leva de seu unhas circunstancias inherentes nas que ten lugar, que só se especifican redundantemente; daquela a determinación adverbial, sobre todo a dada como información nova, facilita o sentido pasivo: repárase a imposibilidade de mante-lo valor medio *a porta ábrese* na mesma frase circunstancialmente determinada *a porta ábrese cunha palanca*. Apontalando esta idea, observamos que a grande maioría dos exemplos recollidos nas *CSM* (12 sobre 18) levan cadansúa determinación adverbial.

c) Establece igualmente Monge unha serie de factores contextuais que favorecen a pasividad desta construcción: “los más importantes a nuestro parecer son los siguientes: significado del verbo, cualidad de la acción verbal, tiempo del verbo, necesidad de un agente exterior, carácter del sujeto y grado de concreción de la acción”²⁶. Se ben advirte que o sentido pasivo depende da combinación de tódolos factores, o autor afirma que de todos eles “el más importante es sin duda el significado del verbo” (*ibid.*). En efecto, o valor medio de *a porta ábrese* desaparece totalmente se lle mudámo-lo proceso, como en *a porta vén dese*, pasivo. Non vale aducir como contraexemplo o valor pasivo que presenta *abrir* en *ábrese unha investigación*, pois trátase dunha acepción distinta do verbo, isto é, son dous procesos distintos (1º: antónimo de ‘pechar’; 2º: sinónimo de ‘comezar’) cunha única expresión. Sen embargo, cumpriría salientar tamén a importancia do carácter semántico do suxeito, ou máis propriamente, da correferencia ou homologabilidade semántica entre verbo e suxeito: pénsese a este respecto a maior dificultade que para o man-

²⁵ Téñase en conta que o exemplo núm. 9 contén dúas ocorrencias.

²⁶ Art. cit., p. 34; tamén destaca, acertadamente, a orde das palabras na frase.

temento do valor medio presenta, frente a *a porta ábrese*, a construción parella *a caixa forte ábrese*, onde, por mor da conexión semántica existente entre ‘caixa forte’ e ‘abrir’, interpretamos primariamente un sentido pasivo (‘é aberta’ ou ‘pode ser aberta’), dado que non é esperable que unha caixa de seguridade se abra por ela mesma.

d) Finalmente, resulta obvio que o valor pasivo das construccíons pronominais con *se* consúmase incontestablemente cando levan expreso o complemento axente. Pero más obvio resulta aínda que estas construccíos deixan daquela xa de ser axencialmente indeterminadas. Nas *CSM* rexistrámo-los seguintes casos de construccíons pronominais con complemento axente²⁷:

1. “e cuidava que per ren / *per el* non ss’ *acharia* (a rima) nen por outro sabor” (202.15)
2. “El ja por desesperado de ss’ aquela rim’ *achar* / *per ome* daqueste mundo, foi-ss’ enton a un altar / da Virgen Santa María” (202.17)
3. “certamente cree que te dará Deus filla, / que o que perdeu Eva per ssa gran pecadilla / *cobrar-ss-á* *per aquesta* (a Virgen), que sera avogada / Entre Deus e as gentes que foren pecadores” (411.93)

Isto é, 3 ocorrencias (as dúas primeiras nun único contexto) frente ás 18 de construcción pasiva sen complemento axente. Se a isto engadimos, adiantando os datos, que os 3 únicos exemplos que rexistramos nas *CSM* de pasiva reflexa con suxeito animado carecen, como veremos, de complemento axente, temos que a construcción ocorre no conxunto da obra 24 veces das cales só 3 actualizan o complemento axente. Comparemos estes datos cos correspondentes á pasiva perifrástica:

²⁷ Entre os 17 casos arriba referidos de pasiva reflexa sen axente hai un par deles (níms. 12 e 15, fundamentalmente) que presentan frases preposicionais con *per* hipoteticamente interpretables como complemento axente. Analizándoas optamos, sen embargo, decididamente por consideralas complemento circunstancial: “o que se pode *por meezyā sāar*”, “*por ela* sse corregen os tortos” (isto é ‘pola súa intercesión’, como se le dous versos máis arriba: “*polo seu rogo* se desatan os pecados”; lémbrese que a Virxe non realiza os milagres, senón que intercede perante o seu Fillo para que os faga).

	SEN AXENTE		CON AXENTE	
	nº	%	nº	%
PAS. PERIFR.	310	68,0	146	32,0
PAS. PRONOM.	21	87,5	3	12,5

TOTAL PAS. PERIF.	456 (95,0%)
TOTAL PAS. PRON.	24 (5,0%)
TOTAL ABSOLUTO	480 (100,0%)

Da análise dos datos estadísticos tirámo-las seguintes conclusóns:

1^a A expresión dos contidos pasivos realiza-se na lingua das *CSM* moi maioritariamente (95%) a través da construción perifrástica, operándose só un 5% das veces a través da pronominal.

2^a A expresión pasiva da indeterminación axencial (pasivas sen complemento axente) é significativamente más frecuente coa construción perifrástica (32%) que coa pronominal (só un 12,5%); isto é, a construcción pronominal repugna máis a expresión do axente que a perifrástica.

2.2.1.B. *Pasiva reflexa con suxeito animado*

Lembremos que, como expuñamos no comezo do apartado precedente, dado que para acadaren as construccóns pronominais con *se* o sentido pasivo é preciso que o suxeito non sexa tido de ningunha maneira como axente, está claro que é más doado que iso aconteza sendo o suxeito inanimado que animado. Felix Monge chega a establecer unha prelación cronolóxica en favor das construccóns con axente de causa, afirmando que “las frases reflejas con sentido medio-intransitivo y después pasivo y sujeto personal parece lógico que hayan aparecido por analogía sintáctica con las de sujeto inanimado”²⁸. Neste punto, como noutrós,

²⁸ Art. cit., p. 47. A pesar de que Monge se refire normalmente á oposición “sujeto de persona” (ou “personal”) vs. “sujeto de cosa”, hai que entender na ver-

segue Monge a tese de Wistrand²⁹, para quen o sentido pasivo é anterior e más abundante nas construccóns con suxeito inanimado. Sven Kärden³⁰, polo contrario, partindo duns postulados teóricos distintos (este autor rexeita a idea do paso directo do valor medio-intransitivo para o pasivo), rebate a tese de Wistrand aducindo exemplos do francés antigo con suxeito animado, que considera de sentido pasivo:

“Uostre gentil homme qui mignon *se pouvait bien nommer*”;
 “vecy un dernier, ne faison rien qui soit ou Dieu ne *se nomme*”.

Se ben, como anota Monge³¹, o proceso reflexivo *se nommer*, como o latino *se vocare*, non acada en principio o valor pasivo, razón pola que os exemplos alegados semellan pouco axeitados, o certo é que o primeiro deles presenta o proceso en infinitivo nunha construcción que, segundo o propio Monge, facilita o sentido pasivo (“se + verbo auxiliar + infinitivo”: *se pouvait bien nommer*, con determinación adverbial ademais). De certo, se ben o proceso *chamarse* nun contexto non marcado propiamente carece de valor pasivo, en condicións favorables parece chegar verdadeiramente a acadalo. Compárense as dúas frases: *a casa solarega chámase pazo* (valor medio, ‘é o nome que ten esa construción en Galicia’), cabo de *esta casa pode ben chamarse pazo* (‘pode ben ser chamada así’, ‘reúne as condicións para iso’; valor pasivo).

En realidade, deixando de banda os postulados teóricos de Kärde, o que queremos salientar é que as construccóns pasivas reflexas con suxeito inanimado están documentadas desde as orixes do idioma. A pesar de que as primeiras documentacións de Monge para o español son relativamente serodias, paréceme incuestionable o carácter pasivo da glosa, con suxeito animado, xa citada, que é unha das máis antigas iberorromances que coñecemos (2^a metade do S. X):

“comedi poci proibeantur usque dum mazerentur: ata ke se monden” (*Gl. Sil.*, 328)³²

dade “sujeto animado” e “inanimado” respectivamente. Nótese a impropiedade de calificar “de persona” a todo suxeito animado, cando el mesmo aduce exemplos como: “se mataron muchos e diversos animales” (p. 51).

²⁹ E. Wistrand, *Über das Passivum*. Gotteborg, 1941.

³⁰ S. Kärde, *Quelques manières d'exprimer l'idée d'un sujet indéterminé ou général en espagnol*, Uppsala, 1943, pp. 95-96.

³¹ Art. cit., p. 48, n. 29.

³² Isto contradí a contundente afirmación de Monge no sentido de que das construccóns pronominais con suxeito animado e sentido pasivo “apenas dispone-

Consecuentemente, vémonos na alternativa de ou ben seguir mantendo a prelación cronolóxica das construccóns con suxeito inanimado, mais situándoa na etapa preliteraria, ou ben postular que a tal prelación non é estritamente cronolóxica, senón que se traduce nunha maior facilidade para acadaren o valor pasivo as construccóns con suxeito inanimado, pero dunha maneira contemporánea (tal como se deu en tódalas etapas da lingua, desde a Idade Media ata o presente). Inclinámonos decididamente por esta segunda opción, dunha banda porque é a que se corresponde cos datos constatados, doutra porque a tese da antícipación na etapa preliteraria presenta unha acusada estreiteza cronolóxica (a construcción pasiva reflexa non se documenta, por moito que supoñámolo a súa existencia, no latín vulgar, e a pasiva con suxeito animado xa se testemuña desde o século X). Xa que logo, o que temos é unha menor abundancia das construccóns pronominais pasivas con suxeito animado, verbo das de suxeito inanimado, no galego medieval como no moderno. Neste marco insérense as ocorrencias rexistradas nas *CSM*, moito menos frecuentes no caso do suxeito animado (3 casos frente a 21), pero non dunha maneira excepcional ou insólita:

1. “e i meiryo da terra / (...) fez-lo na forca pôer / (...) E u pendurad’ estava na forca por *ss’ afogar*, / a Virgen Santa Maria non vos quis enton tardar” (13.15)
2. “Muito *sse deben têer* / por gentes de mal recado / os que mal cuidan fazer / aa de que Deus foi nado” (99.4)
3. “Como *s’ achou*, non á y mui gran sazon, / en Galiza un escudeiraz peon” (317.5)

É frecuente nestas construccóns que non se alcance plenamente o sentido pasivo, persistindo un valor medio de afección do suxeito no proceso verbal:

“non leixava guerra nen lide nen bon tornei / u se non *provasse* tan ben, que conde nen rey / polo que fazia o non ouvess’ a preçar” (16.17)

“(os mouros) atal espant’ en colleron / que, pero gran poder era, logo todos se *venceron*” (181.31)³³

mos de ejemplos anteriores al siglo XVI y desde luego no existen en los primeros monumentos de la lengua” (art. cit., p. 51).

³³ Repárese que no galego medieval *vencirse* posuía o sentido medio de ‘deixarse vencer, desmoralizarse; retirarse, fuxir’ (Lorenzo, *Glosario*, p. 1298), como se aprecia claramente no seguinte exemplo da *Crónica Galega*: “fostes medorosos, quan-

En definitiva, é o certo que estas construccíons pasivas pronominais (sempre potencialmente ambiguas: *matábanse os cristiáns* ¿pasivo, reflexivo, ou recíproco?) non chegaron a callar na lingua sendo substituídas por outras menos ambiguas, de sentido claramente “impersoal”, pero xa con valor activo: *matábase aos cristiáns*; trátase da construcción chamada “activa impersoal” da que nos ocupamos a continuación.

2.2.2. O ‘se’ activo axencialmente indeterminado

No canto da pasiva reflexa, a construcción pronominal activa constitúe un novo procedemento de expresión da indeterminación axencial, producto igualmente da expansión de usos do primitivo pronome reflexivo *se*. A delimitación do camiño recorrido por esta partícula ata acada-lo valor activo axencialmente indeterminado opón a aqueles que consideran que esta construcción é unha evolución directa a partir da perda do valor medio frente a aqueles que postulan un desenvolvemento secundario a partir da construcción pasiva pronominal. Isto é

- a) SE ref. → SE med.  SE pas.
SE act.
- b) SE ref. → SE med. → SE pas. → SE act.

Entre os defensores da última hipótese atópase Cesar Hernández Alonso, para quen “se produce el cambio de pasiva a impersonal al perder aquélla interés por la concreción del sujeto. Todo el valor se concentra en el verbo. Es la última frase de la gramaticalización del *se*” (p. 58). Sen embargo, parte o autor dunha taxativa afirmación que nos parece falsa: “Está probado [non di onde] que la voz pasiva posee más ambigüedad que la activa”, afirmación a partir da que establece un paralelismo coas construccíons reflexas: tamén entre estas “la pasiva es anterior a la activa impersonal” (*ibid.*). Rebate abertamente a Monge, e indirectamente a Kärde, propondo para o considerado claro e cedo exemplo da activa “impersoal” non concertada (da segunda metade do XIII)

“*si se cree los mágicos, expellen las tempestades*” (*Lapidario*, 5.14)
unha lectura distinta, cun desprazamento da coma:

“*si se cree, los mágicos expellen las tempestades*”

do comezásteis a batalla cónosco seendo uos muytos ademays et non poucos, et *uos vengestes* et fugistes, que he aynda villeza, mays ca loucura” (*CG*, 235.58). Igual valor medio tiña no español (M. Pidal, *Cid*, 1179).

Alega igualmente como probatorios da súa tese unhas autocorreccións de Santa Teresa nas que a autora muda unhas oracións pronominais activas non concertadas polas correspondentes pasivas concertadas (*No se deje las horas de oración*, corrixida en *No se dejen las horas de oración*). Parece argumentar que se aínda no século XVII a construción activa resultaba extraña ata o punto de ser sustituída pola pasiva, queda clara a filiación pasiva da construcción non concertada... Argumentación que, a fin de contas, non proba nada, pois a autocorrección é perfectamente xustificada sen que se estableza ningunha relación de filiación coa forma pasiva: simplemente Santa Teresa sustitúe a construcción non concertada (con membro nominal de causa, repárase) porque lle resulta incomún, igual que hoxe a nós (estas construccóns nuna chegaron a xeralizarse), e, igual ca nós, substitúea pola construcción que lle resulta común, a más usual e aceptable pasiva concertada. ¿Acaso que prefirámo-la fórmula *véndense as casas a véndese as casas* implica a filiación desta respecto a aquela?. Ademais, repárese en que considera-la construcción activa “impersoal” unha evolución posterior da pasiva non explica as construccóns pronominais activas intransitivas (*vívese*), que o propio Cesar Hernández recoñece como primixenias no uso “impersoal reflexo” e que non poden obviamente ser vistas como unha transformación da construcción pasiva. Isto obrigaríanos, de manter esta idea, a considerar unha explicación da orixe do uso activo que diferiría para as construccóns intransitivas verbo das transitivas.

Máis plausible parece a hipótese daqueles autores que, como Kärde, Monge ou Martín Zorraquino, consideran que o valor activo axencialmente indeterminado das construccóns pronominais, o mesmo que o pasivo, “es también una consecuencia directa de la pérdida del valor medio y no un desarrollo secundario a partir de las frases de pasiva pronominal”³⁴. O proceso é, nun e noutro caso, parello: a perda do valor medio que unhas veces, como sabemos, dá lugar ó valor pasivo (normalmente “impersoal”) pode tamén aproximarse ó sentido activo “impersoal” en determinadas circunstancias nas que a acción verbal (ben pola súa condición semántica ben polo contexto no que se insere) é “de carácter activo o muy próximo a él, de tal modo que resulta muy difícil imaginarla como pasiva”³⁵.

Con todo, leva moita razón Hernández Alonso cando salienta a importancia da perda de interés pola concreción do suxeito no cambio se-

³⁴ F. Monge, art. cit., p. 64.

³⁵ Art. cit., p. 65.

mántico cara ó valor “impersoal” activo³⁶. A idéntica conclusión chega Martín Zorraquino na súa obra ó pondera-la importancia da presencia de complementos determinantes á hora de acadaren as construccóns pronominais valor activo³⁷. En efecto, para alcanzar este valor é moi importante que o elemento nominal da construcción reflexa sexa relegado informativamente de xeito que non se interprete como suxeito senón como obxecto da oración. Noutras palabras, cando nunha construcción reflexa se destaca informativamente o elemento nominal, estáse a favorece-la interpretación pasiva, mentres que cando se relega, favorécese a interpretación activa e, en definitiva, a falta de concordancia.

A falta de concordancia é o paso fundamental para a consumación do sentido activo. Resulta na nosa opinión inapropiado considerar plenamente activas determinadas construccóns (do tipo do *non se faze assí el mercado* aducido por Monge³⁸) certamente próximas ó sentido activo, mais con restos de valor medio. Estas construccóns son na verdade a ponte para a interpretación do elemento nominal como obxecto lóxico da oración. Pero o fenómeno só se chega a consumar coa falta de concordancia.

Opinan algúns autores³⁹ que a construcción sen concordancia aparece precisamente para elimina-la ambigüidade que presentaban as construccóns pasivas con suxeito de persoa con outras igualmente reflexas, mais de sentido reflexivo ou recíproco: *axúdanse os estudiantes* pode ser interpretada como pasiva (“son axudados”), reflexiva (“axúdanse a si mesmos”) ou recíproca (“axúdanse uns ó outros”); ambivalencia que solventa coa forma *axúdase ós estudiantes*. Aínda que a presencia deste factor extrínseco resulta incuestionable, parece certamente pouco atinado consideralo a xénese do proceso, toda vez que outras linguas romances, como o italiano, manteñen idéntica construcción pronominal para expresa-los sentidos reflexivo, recíproco e de indeterminación axencial⁴⁰. Polo contrario, a

³⁶ Hernández Alonso, art. cit., p. 58.

³⁷ *Op. cit.*, p. 373.

³⁸ Curiosamente é este mesmo exemplo o que presenta Gili Gaya (# 104) como prototipo de pasiva reflexa. Lembrese ó respecto que son precisamente estas construccóns as que xustificarán a diferenciación que fai Cartagena dun tipo de construcción pronominal “de suxeito pasivo indeterminado” que participa tanto de caracteres activos como pasivos, sen adscribirse propriamente a ningún deles (cfr. *supra* 2.2.).

³⁹ Gili Gaya (# 61) e previamente xa Cuervo, nota 106 á *Gramática* de Bello.

⁴⁰ Martín Zorraquino, *op. cit.*, n. 13 do cap. I da segunda parte. F.W. Hodcroft (“Se desea informes”, *BHS*, Liverpool, XXXVIII, 1, (1961), pp. 25-27) nega tamén a ambigüidade como orixe da construcción activa, se ben el vincúlaa, pola súa banda,

transformación explícate internamente, sen necesidade de botar man de factores de claridade interpretativa, como un fenómeno que se segue natural e obrigatoriamente da interpretación do elemento nominal (*os estudiantes*) como complemento e non suxeito do verbo (obviamente o verbo non concorda co complemento directo).

De entre as construccóns pronominais activas non concertadas con axente indeterminado, o exemplo máis antigo do que temos noticia é o español, xa referido, do *Lapidario* (segunda metade do XIII): *si se cree los mágicos*. Foron estas frases con membro nominal de persoa as que máis se xeralizaron (se ben con marcados de obxecto *a*: *matábase aos cristiáns*), frente ás construccóns con obxecto de cousa, sempre máis apegadas á concordancia e ó sentido pasivo, dos que só excepcionalmente se apartaron (Kärde aponta exemplos casteláns desde o XVI ata a época moderna) sen chegar a xeralizarse en ningún momento. En calquera caso, e deixando a unha banda exemplos moi esporádicos, o certo é que esta construccón activa non se comeza a fixar ata polo menos o século XV ou mesmo a principios do XVI. Non coñezo ningunha datación do fenómeno para o galego e o portugués, se ben cabe supor que non variaría substancialmente verbo da castelá. Desde logo, non rexistrei ningunha ocorrencia desta construccón nas *CSM*, o que xa era de esperar (lémbrese que o exemplo máis antigo documentado no español é o do *Lapidario*, excepcional, controvertido e posterior á nosa obra). Por outra banda, a mediados do século XVI a construccón activa non concertada parece xa consolidada en portugués (mentres o galego estaba submerso no seu período escuro), como apreciamos no seguinte exemplo da *Peregrinação* de Fernão Mendes Pinto, escrita entre 1569 e 1578:

“umas casas... nas quais por ordem da Câmara se ensina a todos os moços ociosos a que se não sabe pai, assim a doutrina como o ler e o escrever”⁴¹

En canto á construccón pronominal intransitiva ou absoluta (do tipo *viveſe*), obviamente activa, parece igualmente unha extensión das construccóns con membro nominal e sentido case-activo, cun debilitamento dos vínculos entre o verbo e o elemento nominal ata o punto de quedar este fóra da estricta complementación verbal⁴². Nos exemplos que damos a continuación, ambos da primeira metade ou comezos do século XV (non

ó feito de sentiren os falantes o *se* como suxeito da oración, hipótese que parece pouco sólida.

⁴¹ F. Mendes Pinto, *Peregrinação*, Lisboa, s/d, cap. 112.

⁴² Vid. Monge, art. cit., p. 79.

pretendemos con eles establecer en absoluto a antigüidade do fenómeno, pero o certo é que non rexistramos nas *CSM* ningunha construción deste tipo) pódese aprecia-lo alto grao de afastamento sintáctico e semántico do membro nominal, e a conseguinte independización do verbo, que é practicamente percibido como intransitivo:

“Este nom soomente dos naturaes dões da graça, que é muito notar, mas ainda dos bées da fortuna ouve tam grandes e especiaes jóias, que ataa o seu tempo, des o começo do Reino, nom se *lêe* de neuū semelhante”⁴³

“foi tragido por lo mar en sete dias ao porto de Iria et sepultado en Compostella en tempo de Luparia según *se lee* por sua leitura e por lo libro a que dizen Calixto”⁴⁴

Monge documenta para o español a construción plenamente intransitiva desde finais do século XV, aínda que supón unha antigüidade maior na lingua conversacional. No caso do galego e do portugués a datación non debe ser moi distante: na *Peregrinação* documentamos xa a construción absoluta plenamente asentada:

“são os desembargadores, chanceleres e revedores de todas as cousas civis e crimes, sem haver nelas revista, apelação, nem agravo, senão para outra mesa que aí há, que tem poder ainda sobre el rei, para a qual, quando *se apela*, é como apelar para o céu” (cap. 85)

“Sobre un teso que a terra fazia para a banda do sul estava feito um terreiro alto, fechado todo com nove ordens de grades de ferro, para o qual *se subia* por quatro entradas” (cap. 126)

2.2.3. A construción axencialmente indeterminada con ‘un’

Segundo a presentación común das gramáticas, esta construción serve para a expresión pronominal dos procesos activos co axente indeterminado, polo común construídos con *se* conforme acabamos de analizar no apartado precedente, pero que non se poden construír coa partícula reflexiva no caso de tratarse de verbos pronominais: estes verbos xa levan de seu un *se* como índice de reflexividade, co que, de mante-la mesma construcción pronominal, teríamos un inadmisible **afai-se-se un a todo*, sentido

⁴³ F. Lopes, *Quadros da Crónica de D. João I*, Selecção, prefácio e notas de Rodrigues Lapa, p. 63 (*Crónica de D. João*, 1^a parte, cap. 194).

⁴⁴ *Crónica de Santa María de Iria. Códice gallego del siglo XVI*, edición de Jesús Carro García, Anexo V dos *CEG*, Santiago de Compostela, 1951, p. 33).

como fortemente agramatical. Habilítase daquela o pronomé indefinido *un* para cumpri-la función do *se* activo indeterminado axencialmente: *afai-se un a todo*⁴⁵. Tamén se usa o *un* nesta construción con verbos non pronominais (*un non sabe como vai reaccionar nos casos difíciles*), probablemente como unha extensión analóxica a partir do caso anterior.

Obviamente, cumpriría facer un estudo diacrónico da construción para proclamarse ó respecto; pero por de pronto parécenos fácil de máis e arriscada a hipótese exposta. Segundo os seus postulados, ó te-la construción con *un* a función de suplí-la “reflexa impersoal” con verbos pronominais, aquela non se podería consolidar na lingua ata despois da xeralización desta, o que nos poría xa facilmente na altura do século XVI. Ch. B. Brown⁴⁶, sen embargo, testemuña no español un uso moi abundante da construción con *un* nos escritores do XVI (úsa-a constantemente Juán de Valdés, tamén Guevara ou Montemayor, este de orixe portuguesa, como se sabe). A extraordinaria fluidez da construción xa na primeira metade do cincocentos deixa unha marxe cronolóxica excesivamente estreita para a consumación da hipótese tradicional. Ademais dáse a circunstancia de que xa naquela altura, o uso maioritario da construción con *un* non se corresponde co carácter pronominal dos procesos verbais: só tres dos 10 exemplos reproducidos por Brown teñen verbo pronominal; nos 7 restantes poderíase perfectamente da-la construción reflexa (“tanto aprueba *uno* quanto alcança a entender” *Diálogo de la lengua*, 350, poderíase dicir “tanto *se* aprueba quanto *se* alcança a entender”). Xa que logo, non parece apropiado atribuírlle á construción activa indeterminada con *se* outro papel que o de promover un maior uso da construción con *un*, e non de ningunha maneira a súa aparición.

Nós, pola nosa banda, o único que podemos constatar aquí é que nas *CSM* non rexistramos ningún caso claro desta construción de indeterminación axencial con *un*, o que equivale a dicir que posiblemente a mediados do século XIII tal procedemento ou aínda non existía ou existía de maneira inusitada. Rexistramos, si, o uso inmediatamente previo ó sentido de indeterminación axencial:

⁴⁵ Non podemos concordar coa afirmación de Bello (*Gramática*, # 859) no sentido de que este uso de *un* “suele aludir a la primera persona del singular”, e menos afinda dun “modo enfático”. Parece este claramente un uso secundario e que en todo caso, lonxe de ser enfático, serve para difumina-lo estricto contido categorial de P1, facendo a un axente xeral e impreciso solidario co que lle acontece o que fala.

⁴⁶ “The disappearance of the indefinite *hombre* from Spanish”, *Language* VII (1931), p. 274. O autor vincula o grande desenvolvemento da construción con *un* ó decaemento e desaparición da construción parella con *hombre*, no século XVI.

“E logo fez cantar / missa de requiem pola soterrar, / e *ūu* foi a pistola rezar / dos mortos que fez Judas Macabeus” (133.27)

Obsérvese que o pronome *ūu* non é no texto índice de indeterminación axencial, senón que representa un axente determinado (actualizado) lingüisticamente, se ben de contido referencial impreciso, igual que *algúén* ou *unha persoa* (lémbrese a diferencia fundamental entre ámbolos fenómenos, que desenvolvemos na primeira parte deste traballo). Este uso indefinido de *un* constitúe o último paso evolutivo desta partícula antes de chegar a funcionar como índice de indeterminación do axente.

En efecto, a forma latina *unus*, en rigor un numeral, presenta ó longo da historia da lingua unha extensión dos seus usos: xa desde o latín clásico comezou a empregarse algunha vez como artigo indefinido (*unus servus, una mulier*, como presentador, pasando a segundo plano a referencia numeral á unicidade), uso este que se propagou no latín popular e tardío. Neste mesmo latín vulgar pasa a usarse tamén *unus* como pronome indefinido, dando lugar así á construción con axente de contido semántico vago e impreciso. Este uso, ó igual que os anteriores, prolóngase na lingua medieval (como vimos no exemplo das *CSM*), chegando ata o presente. O seguinte paso, a conversión en índice de indeterminación axencial, parece ser xa un fenómeno romance de aparición posterior, do que non atopamos indicio na lingua das *CSM*. Polo que fai ás linguas veciñas, á parte da abundante documentación quiñentista española xa referida, atopamos esta construción no portugués canto menos desde mediados do propio século XVI:

“O que entre a antiguidade mais se havia por infâmia era desprezar a terra de que *um* era filho” (António Ferreira, antes de 1569).

“por mais que resplandeça *um* em virtudes” (Amador Arrais, *Diálogos*, 1594)⁴⁷.

Á vista do cal, cabe loxicamente supor que a consolidación e xeralización desta fórmula con *un* debeu de ter lugar xa na época escura do galego. Cando a lingua recuperou plenamente a escrita, no século XIX, a construcción xa estaba, evidentemente, arraigada, documentándose desde o protorreredimento:

“non sempre ha de estar *un* rezando” (*Segunda tertulia de Picaños*, 1836)⁴⁸.

⁴⁷ Exemplos tirados do *Dicionário de Moraes* (s.v.), respectivamente das súas edicións de 1949 e 1823.

⁴⁸ Apud Cátedra de Lingüística e Lit. Gal. da Univ. Sant. Prosa Galega. I. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós, Vigo, 1976, p. 39.

2.2.4. A construcción axencialmente indeterminada con ‘ome’

1) Frente ás construccíons activas con *se* e *un*, que acabamos de analizar nos apartados anteriores e que non aparecen senón serodiamente na lingua, a única construcción pronominal corrente na Idade Media para expresar procesos de axente indeterminado é a construcción con *ome*.

A orixe desta construcción, ó contrario do que acontece coas devanditas, remóntase xa a determinados usos, certamente infrecuentes, do latín coloquial desde a propia época republicana, a xulgar polas testemuñas que nos ofrece a linguaxe popularizante de Plauto e Terencio (séculos III-II a.C.):

“illa laus est, liberos *hominem* educare” (Plauto, *Miles Gloriosus*, 703)

“accit *hominem* nemo metius” (Terencio, *Eunuchus* 5.8.52)⁴⁹

O fenómeno chega, sempre dentro do rexistro vulgar, ó baixo latín, e esténdese para a periferia, segundo podemos constatar na *Peregrinatio Aetheriae*, que como sabemos parece reflexa-la modalidade latino-vulgar da Gallaecia de finais do séxulo IV:

“ubi *homo* desiderium suum compleri videt” (13.1)

“qua incipit quasi *homo* hominem cognoscete” (36.3)⁵⁰

A expansión no latín vulgar deste procedemento de indeterminación do axente debeu ser importante, á vista da amplitude da súa persistencia nos primeiros períodos das linguas romances. Na actualidade pervive unicamente con gran pulo no francés, así como no catalán (aboad o hoxe só pola perceptiva grammatical e o uso literario)⁵¹ e finalmente en zonas dialectais do italiano. No resto da Romania, a construcción acabou por desaparecer, aínda que algún autor, como é o caso de Herbert Palhano para o portugués, porfíe en que a mesma “aparece em todas as fases da língua, alcançando a nossa actualidade”, cun uso idéntico ó do *on* francés⁵². Para sostener unha tese tan obviamente esaxerada aduce exemplos con usos li-

⁴⁹ Apud Brown, art. cit., p. 265.

⁵⁰ Ibid., p. 266.

⁵¹ A.M. Badia Margarit, *op. cit.*, # 132.

⁵² H. Palhano, *A expressão léxico-gramatical do “Leal Conselheiro”*, Lisboa, 1948-49², p. 120. Contrariamente, presentan este uso como arcaísmo, entre outros, Silva Dias, p. 22; Said Ali, *Gramática Histórica*, p. 116; Silveira Bueno, *Formação*, p. 197, etc.

terarios residuais de *homem* cun sentido moi xenérico e un forte sabor de estilo arcaico (o caso máis claro pertence a unha obra histórica de Castilho)⁵³.

2) A evolución sufrida polo substantivo *ome* ata chegar a ser considerado como pronome e como índice de axente indeterminado constitúe un proceso de gramaticalización conformado a través dunha serie de usos compactos, sen solución de continuidade, que van desde o concreto ata o indefinido, pasando por un uso xenérico, progresivamente abstracto. As fronteiras entre uns e outros usos resultan de certo imprecisos, pero mantéñense sincronicamente diferenciables xa desde o latín vulgar. Vexamos ilustrados os tres empregos con cadanxeu exemplo, de adscrición pensamos que clara, tirados das *CSM*:

- *Uso concreto*: “E aquel *ome* era o que a mezbra feita / oubera” (78-60)
- *Uso xenérico*: “o *ome* con mazela de peccado ante mi / non verrá” (14.28)
- *Uso indefinido gramaticalizado*: “Atal Sennor dev’ *ome* muit’ amar” (10.9)

Como pode apreciarse nos exemplos, a consumación do proceso de gramaticalización leva implícita unha preferencia polas formas puras, sen determinantes nin modificadores. Con todo, a pesar da inclinación do uso gramaticalizado ou pronominal pola forma *ome* frente a *o ome*, nunca se chega a establecer unha oposición funcional. Polo contrario, as formas con e sen artigo alternan a miúdo como meras variantes textuais, concorrendo mesmo en idénticos contextos nunha mesma frase, como amosa ben ás claras este exemplo castelán do Arcipreste de Talavera aducido por Brown (p. 268):

“Bueno es, amigo, *el ombre* perderse o morir por buena cosa; pero morir o perderse *ombre* por vil cosa..., poco seso es”

No ámbito das *CSM*, aínda a pesar da supremacía das formas sen artigo, parece claro o carácter de índice de indeterminación axencial do sintagma *o ome* nos seguintes exemplos:

1. “Mais Deus non quer que *o ome* esté sempr’ en un estado” (221.30)

⁵³ En realidade, o que subxace debaixo dos argumentos de Palhano é a moderna tendencia brasileira (moi común na lingua popular e periodística) á supresión do artigo. Así dise *Pode homem sair quando quiser* ou *Não preciso de homem*, do mesmo xeito que *Família é o diabo* ou *Eu apenas acredito en amor*. Trátase xa que logo duns usos de *homem* que, a pesar das apariencias, nada teñen que ver coa indeterminación axencial.

2. “Como sofre mui gran coita *o om'* en cego seer / assi faz gran piedade a Virgen en ll' acorrer” (278.6)

A alternancia entre as formas con presencia e ausencia de artigo é un fenómeno xeral nos romances medievais: igual que o galego *ome* ~ *o om'* témo-lo castelán *hombre* ~ *el hombre* ou o francés antigo *on* ~ *l' on*. Esta vacilación explícase facilmente se temos en conta a imprecisión da liña fronteiriza que separa o uso xenérico do indefinido gramaticalizado: situados no límite entre un e outro, tanto a aparición do artigo como a súa ausencia son eventualmente possibles.

3) Noutra orde de cousas, cómpre salientar que non tódolos usos plenamente gramaticalizados de *ome* constitúen índices de indeterminación axencial, no estricto sentido en que empregámolo termo. Quérese dicir con isto que se ben o proceso de gramaticalización consiste nunha pronominalización do carácter nominal de *ome*, non tódolos usos pronominais resultantes dan lugar á expresión da indeterminación axencial: á parte deste emprego, a forma *ome* entra en relación sintáctica con outras dando lugar a locucións pronominais indefinidas (que en ocasións chegaron a callar nunha forma unitaria; por exemplo o catalán *tothom*). Estas locucións pronominais (*null' ome*, *neun ome*, *outr' ome*, *tod' ome*, estrictamente equivalentes ós modernos pronomes indefinidos *ninguén*, *outro*, *todos*) non constitúen índices de indeterminación do axente, senón que polo contrario conforman elas mesmas un axente lingüisticamente actualizado, se ben carente duns contornos semánticos precisos⁵⁴. Repárese no distinto comportamento dos elementos pronominais en *dev' ome* (10.9, etc.) e *null' ome per ren non deve* (361.3): o índice “impersoal” *ome* é unha forma átona e constitúe co núcleo verbal unha palabra fónica, mentres que *null' ome*, como forma tónica que é, compórtase como unha palabra fonolóxica independente. No plano semántico, *ome* presenta unha total vacuidade de contido (isto é: [Ø]), frente a un *null' ome* semanticamente cheo, se ben cun contido referencial impreciso (isto é: [x]). En definitiva, mentres *ome* funciona como un *se*, é dicir, como un índice de axente non determinado, *null' ome* funciona como un *ninguén*, ou o que é o mesmo, como un axente impreciso, mais determinado.

⁵⁴ Outro exemplo disto sería o sintagma *ome do mundo* ou *no mundo*, frecuente na CG, que funciona pronominalmente como indefinido (igual que un *ninguén*), pero non como índice de indeterminación axencial: “que *ome do mundo* nō ousaría falar con el en puridade” (CG, 173.37).

Outro tanto habería que dicir do uso de *ome* (tamén das formas analíticas *null' ome*, etc.) co relativo *que*, do que resultan uns segmentos con valor de relativo-indefinido (*como ome que s'obrida = como quen se obrida*), que tampouco constitúen índice de indeterminación axencial. Por tanto, podemos esboza-lo repertorio de formas gramaticalizadas de *ome* que expresan axente determinado presentes nas *CSM*, (acompañado das súas ocorrencias):

null' ome 50.3; 58.72; 119.71; 123.21; 149.8; 217.4; 226.3; 306.3; 328.42; 342.1; 364.17.

null' ome que 107.26

tod' ome 107.64; 180.20,48; 230.2; 239.4

neun ome 281.53

niun ome que 194.45

outr' ome 345.39

ome que 59.72; 95.69; 242.49; 336.28,62

4) Se ben foi *ome* o único substantivo que acadou a completa gramaticalización como indefinido e índice de indeterminación axencial, tamén houbo outras formas afíns que se empregaron supletoriamente para expresar unha sorte de “persoa de universo”, mais sen chegar a perde-lo seu valor nominal primario. Quedaron na antesala da gramaticalización plena.

Sabemos que para que se consume a transcategorización destes elementos nominais ata o punto de seren vistos como pronomes indefinidos é preciso, no plano do contido, que se dea un uso progresivamente xenérico ata a universalidade referencial. No plano da expresión, ten lugar unha inmobilización formal, unha presentación pura (*ome* só permite excepcionalmente o actualizador máis neutro, *o*) e, para chegaren a ser índices “impersoais” estrictos, unha rigorosa incapacidade de presentaren modificadores sintácticos. En suma, trátase dunha neutralización de tódalas categorías formais e semánticas que como substantivos posúen ata acadaren a universalización semántica e a inmobilización morfosintáctica.

Non debía, con todo, presentar na altura o índice “impersoal” *ome* un afastamento abondo da forma nominal base, á vista das fendas que na súa neutralización evidencia a concorrenza de formas afíns para precisaren o carácter universal do axente. A maioría delas pontualizan a universalidade do referente semántico, como é o caso, entre outras, das seguintes:

– *ome e moller*: “nona pode *ome nen moller veer*” (212.34); variantes son *ome ou moller* (318.28), *tod' om' e toda moller* (271.54), *baron e moller* (236.17,18; 246.28). Pontualízase a neutralización de sexo, normalmente implícita no uso xenérico de *ome*.

– *moller*: “soffredor / Soon de gran coita que mi o demo dá / qual nunca *moller* ouve nen averá” (298.60). O contido referencial de *moller* é aquí o de axente de universo; a aparición da forma feminina xustifícase por ser quen fala unha muller, se ben aínda debería aparecer, por regla, a forma non marcada *ome*, neutralizada (o mesmo acontece coa *unha*, que aparece con frecuencia en vez do *un* “impersoal” cando quen fala é unha muller).

– *judeus e ereges* (91.10); *judeus e crischāos* (117.21). Despois da categorización de sexo, a máis recorrente é a de credo, o que é lóxico dada a época e o carácter da obra. En determinados contextos, a referencia a colectivos de relixión suscita unha idea de universalidade semellante á de *ome*: “(miragres) que non poden contradizer *judeus / nen ereges*, pero queiran dizer al” (91.10).

– *cavaleiro*: “E tanto fezestes por gáardes prez, / que ja *cavaleiro* nunca tanto fez” (63.72). No contexto cortesán no que se insere, unha forma de referente parcial como *cavaleiro*, que designa exclusivamente un grupo social pechado, chega a constituír un axente universal ó xeito de *ome*. O que ocorre, neste caso como nos anteriores, é que estas formas afíns non acadaron a gramaticalización precisamente pola esencial dependencia do contexto que presentan para expresa-la universalidade, dado que son formas marcadas; só unha forma non marcada como *ome* pudo expresa-lo axente de universo independentemente de que o contexto o propiciase.

Por outra banda, frente a estas variantes que presentan afinidades semánticas, hai outras que afectan á neutralización formal de *ome*; singularmente é o caso da forma plural *omes*: “tamanna / Prol sua nunca fezeron *omes* como nos faremos / en fazer vosso mandado” (386.25)

5) Establecidas as variantes de *ome* que non consumaron o proceso de gramaticalización (apdo. 4) e os usos gramaticalizados que non constitúen índice de axente indeterminado (apdo. 3), referirémonos agora ás ocorrencias de *ome* en construccions pronominais expresando non determinación do axente. É esta unha construcción amplamente documentada ó longo de toda a Idade Media, e xa desde o primeiro momento. Proba diso é a súa considerable documentación xa nas *CSM*:

1. “Nunca mayor trayçom desta *om’ oyrá*” (5.170)
2. “Atal Sennor dev’ *ome* muit’ amar, / que de todo mal o pode guardar” (10.9)
3. “Macar *ome* per folia / aginna caer / pod’ en pecado, / do ben de Santa María / non dev’ a seer / desasperado” (11.3)
4. “ca este feit’ é de tal nautra / que dev’ *om’* en seer sabedor” (15.147)
5. “e alá yrias / u dem’ os seus ten / na ssa baylia, / ond’ *ome* non ven” (32.47)
6. “e taes (vestimentas) llas dan / que *ome* non poderia / preça-las de pran / nen a compra nen a venda” (66.51)
7. “e non quiso que sayr / podes[s]’ *ome* de sa casa” (84.53)
8. “(Santa María) maneyra busca e via / que non caia *ome* dun err’ en peyor” (96.9)
9. “Nunca ja pod’ aa Virgen *ome* tal pesar fazer, / como que ao seu Fillo, Deus, coida escarnecer” (104.4)
10. “ca tanto foi sen guisa, / que non pod’ *ome* per ren y falar” (105.64)⁵⁵

A todas estas ocorrencias de *ome* cómpre engadir, finalmente, os dous exemplos desta construición de axente indeterminado con índice *ome*, citados más arriba (221.30; 278.6). Trátase como apontamos, dunha mera variante de uso frente á forma con ausencia de artigo, se ben bastante minoritaria: no noso cómputo, de valor evidentemente relativo, só rexistramos as dúas ocorrencias referidas, frente a 39 sen artigo.

Dependendo do carácter positivo ou negativo da oración na que se insere a partícula *ome*, o axente de universo que esta evoca adopta un sentido de universalidade positiva ou negativa, parello ás construccóns con axente actualizado *todo o mundo* e *ninguén* respectivamente (*dev’ ome = todo o mundo debe; non dev’ ome = ninguén debe*). Agora ben, non se trata de dúas construccóns, unha de carácter positivo-indefinido, a outra negativa, senón dun único procedemento de expresión do axente non determinado, cun valor positivo ou negativo que lle ven conferido exclusivamente pola presencia ou ausencia dunha partícula negativa (*non* ou *nunca*, normalmente) que é de todo allea á construición pronominal en si. Sería o mesmo caso que considerar *débese* e *non se debe* dúas cons-

⁵⁵ Máis exemplos pódense atopar nos seguintes lugares: 127.5; 196.60; 201.4; 203.5; 204.37,42; 207.4; 212.47; 245.67; 255.77; 265.71; 281.65; 283.6; 291.3; 295.5; 297.23; 300.3; 306.5; 307.13; 311.3; 313.48; 316.51; 326.6; 329.5; 339.13;

truccions distintas, a primeira positiva-indefinida e a segunda negativa, levados por idéntico paralelismo coas construccions de axente determinando *todo o mundo debe, ninguén debe*. Diferente é o caso de *null' ome*, onde a negación é inherente á partícula pronominal, frente a un *tod' ome* intrinsecamente positivo. Non compartimos, por tanto, a tendencia a considerar en *ome* dúas construccions distintas (como se *non ... ome* ou *nunca ... ome* conformasen unidades pronominais do tipo de *null' ome*, *neun ome* ou *tod' ome*), tendencia que leva, por exemplo, a Brown a tratar no seu artigo só do “indefinite use of the word”, deixando claro que “we are not concerned here with the use os a negative plus *hombre = nadie*”⁵⁶. Xa que logo, o dato de que das 41 ocorrencias da construcción con *ome* 20 teñen sentido negativo non afecta máis que a correlación entre as frases afirmativas e negativas, e non á construcción en si⁵⁷.

6) Non queremos deixar de referirnos, por último, á sorte desta construcción despois da Idade Media, sorte tan dispar dunhas lingua para outras. Como xa se apontou, fóra da galorromania o uso desta forma foi progresivamente a menos. Así, frente ó vizoso emprego do francés, no italiano foi recuando cara a determinadas áreas dialectais, persistindo ademais, parece ser, nun certo uso poético⁵⁸. O catalán, lingua tan estreitamente vinculada á galorromania, usou amplamente desta construcción nos seus períodos antigo e clásico, diminuíndo tamén despois ata o punto de perderse na lingua falada, quitando algunas comarcas de Girona. Modernamente estase a impo-lo seu uso de novo, propiciado pola literatura e a gramática preceptiva, considerando as avantaxes e a comodidade que supón a construcción con *hom*⁵⁹.

Cinguidos ó estrito ámbito iberorromance (catalán fóra), a sorte deste procedemento foi praticamente idéntica en todo el. Charles Barrett Brown (p. 270) establece ó respecto unha pormenorizada cronoloxía do proceso de perda desta construcción en español. Segundo el, por volta do ano 1500 o procedemento aparece literariamente documentado só en contextos conversacionais, o que indica que o seu uso se estaba a

⁵⁶ Art. cit., p. 265, n. 3.

⁵⁷ Para os pormenores formais do uso de *ome* en oración negativa vid. R. M^a López Gato, *A negación na prosa galega medieval*, memoria de licenciatura, inédita, Santiago, 1984, pp. 72-74. Con todo, polas razóns expostas, non concordamos coa consideración de *ome* como unha partícula de negación nuclear, ó nivel se *ningún, ninguén, nada*, etc., todas elas intrinsecamente negativas.

⁵⁸ Vid. Brown, art. cit., p. 265, n. 1.

recluír no nivel coloquial. Despois de 1550 rexístrase únicamente na linguaxe caracterizadora de determinados tipos (rústicos, servos) ou de xerga (estudiantes, hampa), o que evidencia un recuamento do uso cara a unhas esferas moi marcadas. Finalmente, despois de 1580 parece que acabou por desaparecer do uso literario común. Rafael Lapesa, pola súa banda, concorda esencialmente os seus datos, se ben menos detallados, cos expostos: a partir do século XVI *hombre* recúa no seu uso, “caracteriza el habla plebeya o rústica, y desaparece a lo largo del siglo XVII”⁶⁰.

A cronoloxía do fenómeno é substancialmente a mesma en portugués: común no período medieval, o uso pronominal de *homem* tórnase menos frecuente no século XV, deixando, en palabras de Said Ali, “vestígios até o XVI”⁶¹, se ben no cincocentos áinda se documenta a construción considerablemente (Camões, Bernardim Ribero, Sá de Miranda, António Ferreira etc.). No portugués moderno o seu emprego é debido só a “reminiscéncias literarias”⁶² (tales son os exemplos aducidos por Palhano; lémbrese tamén o uso poético do italiano) ou á permanencia “em alguns proverbios como *não só de pão vive o homem*, que se deveria modernizar, dizendo: *não se vive só de pão*”⁶³. Verbo do galego, como se pode inferir, a construción desapareceu coa época escura e non se volveu manifestar.

No que respecta ás causas que incidiron na decadencia e desaparición da construción de axente indeterminado con *ome* Brown vén establece-las seguintes:

- a) relativa infrecuencia do seu uso
- b) competencia doutras construccóns parellas
- c) indiferenciación formal entre o pronome e o substantivo

Sen embargo, cómpre facer importantes matizacóns, porque non todas operan ó mesmo nivel e, en fin, pensamos que en última instancia a causa primaria e decisiva é a segunda.

Efectivamente, con relación á presunta infrecuencia do uso da construción, parécenos que se trata dunha infrecuencia máis que relativa e que de ningunha maneira xustifica a súa desaparición se non é por mor da extraordinaria concorrencia de construccóns afíns para expresa-lo axente

⁶⁰ R. Lapesa, *História*, pp. 402-403.

⁶¹ *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*, São Paulo, 1966⁶, p. 116.

⁶² Silva Dias, *op. cit.*, p. 22.

⁶³ Silveira Bueno, *Formação*, p. 197.

indeterminado. Son moitos os procedementos de menos uso que acaban callando na lingua. Respecto á non diferenciación formal entre o *ome* pronominal indefinido e o substantivo concreto, a importancia que lle confire Brown (“is of prime importance for the present discussion”) parécenos desproporcionada e pouco acorde coas evidencias que nos ofrecen outras linguas: o italiano, nas zonas dialectais onde conserva o uso pronominal, non o diferencia do substantivo; o alemán establece unha diferenciación meramente gráfica (*man, mann*) e as diferencias que presentan o francés, provenzal e catalán son tamén máis ortográficas que fonolóxicas. O propio Brown recoñece implicitamente o feito cando afirma, supravalorando o influxo da ortografía sobre as estructuras lingüísticas, que “because of the pedantic orthography of French *homme, on* in the popular mind has never been associated or confused with it” (p. 272). Nós, polo contrario, pensamos que a indiferenciación formal dos dous usos de *ome* é mais un efecto que unha causa da decadencia do uso “impersoal”; isto é: as linguas nas que, como o francés, se mantivo e potenciou o emprego pronominal, viuse facilitada a diferente evolución das escritas dunha e outra forma dando que, ó estaren especializadas en funcións distintas, deixaron de ser recoñecidas como de orixe común.

En cambio, si parece incuestionable a superabundancia de procedementos formais distintos para expresar unha única noción semántica: a non determinación do axente. Esta situación debeu de ser particularmente crítica no paso do período medieval ó clásico, momento no que xorden con pulo novas construccíons deste tipo (*se activo, un*) que se unen ás xa abundantes anteriores, dando lugar dalgún xeito a un excedente de oferta. Neste contexto o *ome* “impersoal”, que efectivamente nunca deixara de ser visto como vinculado semanticamente ó substantivo, retrocede de no seu proceso de gramaticalización pasando o seu uso pronominal a ser interpretado como un substantivo cun uso moi xenérico. Índice formal deste retroceso constitúeo a inversión na tendencia a aparece-la forma sen presentadores sintácticos: nos mediados do século XVI dáse por primeira vez un meirande uso da forma con artigo definido sobre a forma pura, e tamén por esta altura desenvólvese un uso crecente con artigo indefinido (*un ome*)⁶⁴. Estas novas variantes inciden dobrente sobre o retroceso da construcción primitiva ó entraren dunha banda en competencia con ela na expresión do suxeito indefinido (como acontece aínda no catalán moderno coas construccíons *hom* e *un hom*)⁶⁵ e propiciaren

⁶⁴ Datos apontados por C.B. Brown, art. cit., pp. 272-3 e 274 respectivamente.

⁶⁵ Badia Margarit (*Gramática catalana* # 275.2) pensa que *un hom* (ou *un*)

doutra o recoñecemento de *ome* (vars. *o ome*, *un ome*) como un substantivo común, actualizado normalmente como tal polos artigos definido e indefinido. En definitiva, neste contexto os usos residuais da construción “impersoal” con *home* (tales como os aducidos por Palhano), recluídos a ámbitos tan marcados como os adaxios ou a literatura arcaizante, constitúen uns usos nominais particularmente xenéricos que non poden ser interpretados xa como índices de axente non determinado.

CONCLUSION

A gramática tradicional adoita trata-lo tema da indeterminación axencial dunha maneira irregular e periférica, partindo sempre dunhas perspectivas teóricas pouco axeitadas que levan a propiciar naturalmente non poucas confusións e ambigüidade ó respecto. O problema radica, na nosa opinión, na inadecuada localización do asunto no sistema gramatical. En efecto, a indeterminación do axente constitúe un fenómeno pertencente ó plano do contido que consiste na non presentación lingüística da función semántica axente. É este por tanto un fenómeno compacto o homoxéneo dentro do nivel semántico da lingua, que se proxecta sobre o plano do significante nunha serie de segmentos discontinuos e formalmente heteroxéneos que constitúen os procedementos de expresión da indeterminación axencial.

É importante considera-las funcións comunicativas que inciden na presentación axencialmente indeterminada dun proceso. Dunha banda, porque a determinación ou indeterminación lingüística do axente depende en última instancia do enfoque comunicativo que se lle queira dar á información. Doutra, porque a funcionalidade informativa sérvenos para delimita-la fronteira entre os axentes referencialmente imprecisos (*alguén*, *todos*) e os índices de indeterminación axencial (*se*, *ome*, *un*).

Os mecanismos de expresión do axente indeterminado (reflexo no significante do fenómeno semántico, lembrémolo), constitúen como aportamos unha substancia discreta e aparentemente inharmónica que cremos carente dunha forma da expresión unitaria. Xa que logo, optamos, para o

emprégase cando o falante “piensa la frase como poseedora de un sujeto, aunque sea un indefinido”, mentres que cando a frase “ha sido concebida sin sujeto” úsase *hom* (ou *es*). Trátase (como se ve) da diferencia entre axente non determinado lingüisticamente (*hom*) e axente de contido vago (*un hom*), se ben o certo é que na práctica as dúas construcións interfírense mutuamente.

seu estudio, por unha sistematización descriptiva dos procedementos en cuestión, adoptando un criterio formal, ou se se quere, morfolóxico. Distinguimos así en primeiro lugar a indeterminación do axente nos procesos non axenciais verbo dos axenciais, establecendo despois entre os segundos unha clasificación entre procedementos verbais e pronominais, en función da categoría á que pertenzan os segmentos que funcionan como índice da propia indeterminación.

* * *

No que respecta á presencia de procesos non axenciais na lingua das *CSM*, constatamos un uso cuantitativa e cualitativamente moi limitado dos procesos relativos a fenómenos da natureza: só aparecen *chover*, *anotecer*, *escurecer* e *nevar*, todos eles con moi poucas ocorrencias. A fórmula más frecuente para se referir a estes fenómenos é a construción analítica co substantivo correspondente (*cae neve*). O feito explícase porque na altura cronolóxica da obra que estudiamos a maioría dos procesos "meteorolóxicos" latinos aínda non estaban actualizados en romance, botándose man así da construcción analítica referida.

Os usos non axenciais dos procesos *aver*, *fazer* e *seer* presentan unha distribución que non difire excesivamente da actual. A grande maioría deles corresponde a *aver*, ben no sentido de 'existir' (*un tesoureiro avia*), que é o más abundante, ben no sentido cronolóxico de 'tempo decorrido' (*dous días á*), moi frecuente tamén. Moito menor é o uso non axencial de *seer*, que expresa unha noción cronolóxica inherente ó punto de referencia temporal (*ante que seja mannā cras*, único exemplo rexistrado). *Fazer* expresa no seu uso non axencial, tamén escaso, estados climatolóxicos (*fezo ventos*); aínda non se desenvolvera naquela altura o seu uso temporal (*fai tempo*), nin tampouco os usos concertados do tipo *houberon festas*, seguramente de aparición posterior, o mesmo que o uso non axencial tipicamente galego con *ir* (*vai vento*) ou o portugués con *ter* ('existir').

Os procedementos de carácter verbal que expresan indeterminación do axente con procesos axenciais poden construírse coas formas non persoais do verbo, coas formas persoais ou coa diátese pasiva. En relación á primeira modalidade, comunmente a máis esquecida das tres, encontramos que os usos axencialmente indeterminados de infinitivo, xerundio e participio dependen do contexto sintáctico no que se integran. Obviamente, as posibilidades de acadaren estes usos son directamente proporcionais á funcionalidade verbal das formas, isto é: praticamente nulas

co participio (ningún exemplo nas *CSM*); más abundantes, aínda que escasas, co xerundio (só cando funciona como complemento circunstancial); e relativamente frecuentes co infinitivo. A incidencia dos contextos sintácticos destas formas na capacidade de expresaren indeterminación axencial estudiámola con certo detalle en 2.1.1.

Por outra banda, os usos axencialmente indeterminados poden expresarse coas formas persoais do verbo en tódalas persoas excepto en P1 e P3. Nas *CSM* tampouco rexistramos ningún uso deste tipo con P2, se ben o estilo formalista e a estructura comunicativa dominantes na obra facían xa *a priori* pouco esperable esta construcción, contrariamente ó que acontece con P4, que presenta un importante nivel de uso indeterminado, propiciado polo esquema de diálogo autor-público (*eu + vós = nós*). Con todo, o más abundante, dentro deste procedemento, é o uso con P6, sen dúbida a forma persoal que expresa o axente indeterminado de maneira más neutra.

A expresión da “impersoalidade” pasiva pode formularse quer a través dunha construción verbal (a perífrase verbal sen axente, “segunda de pasiva”), quer a través dunha construción pronominal (con *se*, “pasiva reflexa”). Nas *CSM* é moito más frecuente a primeira, cunha relación do 95% frente ó 5%. Tanto nun caso como no outro é posible a expresión do proceso axencialmente determinado, mediante a presencia do chamado complemento axente. En realidade esta é unha posibilidade bastante evitada polo uso, que asocia a construción pasiva ó sentido de axente indeterminado. Con todo, é a construción perifrásica a que presenta unha maior receptibilidade para co complemento axente (lévanos un 32% nas *CSM*), mentres que a pasiva reflexa con complemento axente resulta moi infrecuente (un 12,5% nas *CSM*).

Dentro do uso globalmente escaso da pasiva con *se* (verbo da perífrase), cómpre distingui-las construccóns segundo leven suxeito inanimado ou animado. A grande maioría das ocorrencias deste procedemento presentan suxeito de cousa: 18, frente a só 3 casos con suxeito animado (esquema este sempre ambiguo, que nunca chegou a callar na lingua).

O uso “activo impersoal” de *se* non aparece aínda documentado nas *CSM* (en realidade, non se consolida ata os séculos XV-XVI), como tampouco a construción parella con *un*. Xa que logo, o único procedemento activo de axente indeterminado presente na obra é a construción con *ome* (*Atal Sennor dev' ome muit' amar*), bastante frecuente nas *CSM*, pero que acabaría por desaparecer despois da Idade Media.

BIBLIOGRAFIA

- Alarcos Llorach, E.: *Estudios de gramática funcional del español*, Madrid, 1978².
- Ali, M. Said: *Dificuldades da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, 1966⁶.
- : *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*, São Paulo, 1966⁶.
- Badia Margarit, A.M.: *Gramática castellana*, 2 vols., Madrid, 1962.
- Bassols de Climent, M.: *Sintaxis histórica de la lengua latina*, tomo II, 1, *Las formas personales del verbo*, Barcelona, 1948.
- Bello, A. e Cuervo, R.J.: *Gramática de la lengua castellana*, Buenos Aires, 1964⁷.
- Benveniste, E.: *Problemas de lingüística general*, México, 1971.
- Bobes Naves, M^a C.: *Las personas gramaticales*, Santiago de Compostela, 1971.
- Brown, Ch. Barrett: "The disappearance of the indefinite *hombre* from Spanish", *Language*, VII (1931), pp. 265-277.
- Bueno, F. da Silveira: *A Formação Histórica da Língua Portuguesa*, São Paulo, 1967³.
- : *Gramática Normativa da Língua Portuguesa*, São Paulo, 1968⁷.
- Cartagena, N.: *Sentido y estructura de las construcciones pronominales en español*, Concepción (Chile), 1972.
- Corominas, J. e Pascual, J.A.: *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 5 vols., Madrid, 1980.
- Cunha, C. e Cintra, L.F. Lindley: *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa, 1984.
- Dias, A.E. da Silva: *Syntaxe Histórica Portuguesa*, Porto, 1970⁵.
- Díaz Abraira, C.L.: *Sintaxe do infinitivo (non-perifrástico) no galego medieval*, tese de licenciatura, inédita, Santiago de Compostela, 1983.
- Dik, S.C.: *Functional Grammar*, Amsterdam, 1978.
- García Gual, C.: *El sistema diatético en el verbo griego*, anexo XX de *Emerita*, Madrid, 1970.
- Gili Gaya, S.: *Curso superior de sintaxis española*, Madrid, 1972¹⁰.
- Grandgent, C.H.: *Introducción al latín vulgar*, Madrid, 1970.
- Halliday, M.A.K.: "Estructura y función del lenguaje", en Lyons (ed.) *Nuevos horizontes de la lingüística*, Madrid, 1975, pp. 145-173.
- Hernández Alonso, C.: "Del se reflexivo al impersonal", *Arquivum*, XVI (1966), pp. 39-66.
- Hernanz Carbó, M^a L.: *El infinitivo en español*, Barcelona, 1982.
- Hodcroft, F.W.: "Se desea informes", *BHS*, XXXVIII, 1 (1961), pp. 25-27.
- Kany, Ch. E.: *Sintaxis hispanoamericana*, Madrid, 1969.
- Kärde, S.: *Quelques manières d'exprimer l'idée d'un sujet indéterminé ou général en espagnol*, Upsala, 1943.
- Keniston, H.: *The syntax of Castilian prose: the sixteenth century*, Chicago, 1937.
- Lapa, M. Rodrigues: *Estilística da Língua Portuguesa*, Coimbra, 1979¹⁰.
- Lapesa, R.: *Historia de la lengua española*, Madrid, 1981⁹.
- : "Los casos latinos: restos sintácticos y substitutos en español", *BRAE*, XLIV (1964), pp. 57-105.

- Lázaro Carreter, F.: "Problemas de terminología lingüística", en *Presente y Futuro de la Lengua Española*, vol. II (Actas de la asamblea de filología del I Congreso de Instituciones Hispánicas), Madrid, 1964, pp. 388-389.
- Lenz, R.: *La oración y sus partes. Estudios de gramática general y castellana*, Madrid, 1935³.
- López Gato, R. M^a: *A negación na prosa galega medieval*, memoria de licenciatura, inédita, Santiago de Compostela, 1984.
- Lorenzo, R.: *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, vol. II, *Glosario*, Orense, 1977.
- _____: *Sobre cronología do vocabulário Galego-Português*, Vigo, 1968.
- Llorente Maldonado de Guevara, A.: "Las construcciones de carácter impersonal en español", en *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, I, Oviedo, 1977, pp. 107-125.
- Machado, J.P.: *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*, 5 vols., Lisboa, 1977³.
- Martín Zorraquino, M^a A.: *Las construcciones pronominales en español*, Madrid, 1979.
- Moignet, G.: "Personne humaine et personne d'univers; contribution à l'étude du verbe unipersonnel", en *Études de psycho-systematique française*, Paris, 1974, pp. 59-70.
- Molho, M.: *Sistemática del verbo español. (Aspectos, modos, tiempos)*, 2 vols., Madrid, 1975.
- Monge, F.: "Las frases pronominales de sentido impersonal en español", *Archivo de Filología Aragonesa*, VII (1955), pp. 7-102.
- Müller, H.F.: "The passive voice in vulgar latin", *Romanic Review*, XV (1924), pp. 68-93.
- Palhano, H.: *A expressão léxico-gramatical do "Leal Conselheiro"*, Lisboa, 1948-1949².
- Pena, J.: "La voz en español. Intento de caracterización", *Verba*, 9 (1982), pp. 215-252.
- Peres, J. Andrade: *Elementos para uma Gramática Nova*, Coimbra, 1984.
- Quicoli, A.C.: "On Portuguese impersonal verbs", en J. Schmidt-Radefeldt (ed.), *Readings in Portuguese linguistics*, Amsterdam, 1976, pp. 63-91.
- Real Academia Española: *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid, 1978⁵.
- Rodríguez Adrados, F.: *Lingüística estructural*, 2 vols., Madrid, 1969.
- Rojo, G.: *Aspectos básicos de sintaxis funcional*, Málaga, 1983.
- Rona, J.P.: "Sobre la sintaxis de los verbos impersonales en el español americano", *Romania Scritti offerti a Francesco Piccolo*, Nápoles, 1962, pp. 391-400.
- Santamarina, A.: *El verbo gallego (Estudio basado en el habla del Valle del Suarna)*, anexo 4 de *Verba*, Santiago de Compostela, 1974.
- Seco, R.: *Manual de gramática española*, Madrid, 1967⁹.
- Tesnière, L.: *Éléments de syntaxe structurale*, Paris, 1969².

- Vasconcellos, J. Leite de: “‘Haver’ (impessoal) no Plural”, *RL*, XX, pp. 165-166.
- Vázquez Cuesta, P. e Luz, M.A. Mendes da: *Gramática da Língua Portuguesa*, Lisboa, 1980 (1^a ed. portuguesa).
- Wistrand, E.: *Über das Passivum*, Gotteborg, 1941.
- Zamora Vicente, A.: *Dialectología española*, Madrid, 1979².